

**DE PUTACIÓN PROVINCIAL**

**A CORUÑA**

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 8 de MAIO DE 2003**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA EXTRAORDINARIA que se celebrará o vindeiro xoves, día 8 de maio de 2003, ás DEZAOITO HORAS.

### ASUNTOS

#### Vías e Obras

- 1.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2003.
- 2.-Aprobación do Plan de mellora de seguridade vial en estradas provinciais 2003 (Convenio Tráfico-Deputación da Coruña).

#### Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 3.-Aprobación do convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Cruz Vermella Española para adquirir e ceder dúas ambulancias.
- 4.-Aprobación do convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Corcubión para establecer a colaboración de ámbalas institucións para o financiamento do equipamento para a mellora do alumbeamento público en Travesías.
- 5.-Aprobación do convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coristanco para establecer a colaboración de ámbalas institucións para o financiamento das obras “regularización semaforica das Travesías de Traba e Aungalada e afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Cereo, Oca e San Paio.”

#### Cooperación e Asistencia a Municipios

- 6.-Aprobación dos proxectos reformados das obras “Pavimentación nas parroquias de Irixoa e Coruxo”, código 02.2100.0151.0; “Pavimentación nas parroquias de Mántaras e Verines”, código 02.2100.0152.0 e “Pavimentación na Viña (Pista Igrexa e outro)”, código 02.2100.0155.0 do Concello de Irixoa incluídas no POS 2002.

#### Comisión de Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social

7.-Modificación da obra aprobada polo Concello de Carnota “Contratación dun técnico de ambiente” do Plan XXI de turismo da natureza (anualidade 2001).

8.-Proxecto reformado da obra “Instalación de protección civil” Concello de Bergondo, incluída no Plan 2000 de parques de bombeiros e instalacións de protección civil, anualidade 1999.

9.-Convenio para financiar o custo de elaboración dun programa de formación dirixido a membros da Asociación Española de titulados náuticos pesqueiros.

10.-Ampliación do prazo de xustificación das obras do Plan XXI para o fomento de turismo de natureza na provincia da Coruña. Anualidade 2002.

11.-Convenio administrativo para financiar o custo de elaboración dunha campaña de promoción da agricultura ecolóxica (Concello de Vilasantar).

12.-Convenio administrativo para financiar a achega provincial prevista no Plan de dinamización turística da Costa da Morte a través de convenio que se ha subscribir co Ministerio de Economía e a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

13.-Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela para a construción de viveiro empres. e posta en marcha prog. formación.

### **Cultura, Deportes e Xuventude**

14.-Integración da Deputación no Consorcio Audiovisual de Galicia e aboamento de achega.

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### A CORUÑA

#### SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 8 DE MAIO DE 2003.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 8 de maio de 2003, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión extraordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPÍNEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP

DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Escúsase a Sra. Candocia Pita.

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o Interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás dezaioito horas e dez minutos, o Sr. secretario le a Resolución nº 7.094, do 5 de maio de 2003, pola que se convoca sesión extraordinaria, con indicación dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

## **1.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2003.**

### INTERVENCIONS

#### Sr. Rodríguez Doval

Dúas cuestións previas, a primeira delas é que se me esqueceu xustificar a ausencia da nosa compañeira Pilar Candocia, que tiña un problema que lle impediu asistir a este Pleno, e a segunda delas, que ten xa máis que ver coa propia convocatoria de Pleno, e que queríamos que constase en acta, en fin, o noso desacordo pola urxencia coa que se fixo a convocatoria dalgunhas das comisións que precederon a este Pleno e tamén pola irregularidade con que se celebraron algunha delas, posto que faltaban algúns expedientes que nós entendemos que son fundamentais para a formación da opinión e para a posterior votación. Entón, se se convoca un Pleno xa coas condicións que foi convocado este, e aínda por riba imos a comisións onde nin sequera hai copia do expediente, ou faltan os detalles máis fundamentais, pouco debate, naturalmente, pode haber.

Indo ó punto número un, vou sintetizar a posición do noso grupo que, en certa maneira, redunda en algo que xa levamos dicindo desde hai certo tempo, pero cunha certa matización. Eu quería lembrar aquí, porque estamos falando dun dos temas fundamentais,

que é a situación da rede viaria de competencia desta deputación, é un debate que, por certo, retomamos cada tres ou catro meses, hoxe tócanos aquí porque afecta, porque se vai aprobar a consignación para o Plan de conservación.

Eu quería lembrar aquí que o noso grupo estivo durante bastantes anos, e non por certo, xa só nesta lexislatura que agora vai rematar, senón noutras anteriores, estivo insistindo, eu penso que dunha maneira, ás veces, teimuda, en que as consignacións económicas que figuraban nos presupostos respectivos que iamos aprobando eran pequenas, eran exigüas con respecto ás necesidades da rede viaria que ten esta deputación, das necesidades e da propia realidade.

Non quero obviar aquí que, efectivamente, desde o pasado ano o actual grupo de goberno fixo un esforzo económico por ir aumentando as partidas, é dicir, produciuse unha subida bastante considerable, non sei, supoño que sería a insistencia, non só do noso grupo, senón de todas e todos os que estamos aquí, pero calquera caso, aínda así, con esta subida que se fai, que imos aprobar hoxe aquí, é ben certo que o gasto que se produce por quilómetro nesta deputación en mantemento e conservación de estradas é, e isto non é unha afirmación do BNG, senón que é unha conclusión dun propio estudio que fixo o Ministerio para as Administracións Públicas, das catro deputacións de Galicia, a que menos gastaba en mantemento e conservación por quilómetro era xustamente a que máis presuposto ten que era, curiosamente, a Deputación da Coruña.

E por outro lado, nós queremos aquí lembrar, posiblemente sexa a última vez que falemos disto nesta lexislatura, aínda que eu penso que se seguirá falando, e quen veña seguirá falando disto, porque eu penso que é un tema que queda enriba da mesa, que lamentablemente nin sequera se abordou. Eu quería lembrar aquí que unha das primeiras iniciativas que presentou o noso grupo a comezos desta lexislatura foi unha relacionada coa necesidade de priorizar e obxectivar os criterios para actuacións nas estradas da provincia da Coruña, para evitar que cada vez que andamos cun Plan haxa que aplicar criterios novos e nunca se saiba moi ben por que unhas van e outras non van. E en segundo lugar unha cuestión que a nós nos parece importante, que é a necesidade de coordinación e racionalización dos esforzos das diversas administracións. Aquí púxose sobre o tapete a coincidencia nalgunha das estradas da rede que está localizada xeograficamente na provincia da Coruña, da titularidade dalgunhas estradas entre varias administracións, entre a Xunta e a Deputación, entre a Xunta e o Goberno central, ou incluso entre tres administracións, como a Xunta, a Deputación e algún concello concreto. A proposta que nós fixemos daquela era que se iniciase unha vía de negociación coa administración autonómica para poñer enriba da mesa esas necesidades e a posibilidade dunhas transferencias en función da capacidade de competencia, para que teñamos o que tanto se deu en chamar no seu momento portelo único, un órgano único que, verdadeiramente, permitise ser máis áxil na resolución dos problemas que presentan as vías e, fundamentalmente, que non andiveramos como andamos

agora que, ás veces, as Administracións, incluso sendo da mesma cor política, non conseguen poñerse de acordo para actuacións deste tipo.

Neste sentido, por unha cuestión económica, que entendemos que a partida aínda sendo aumentada resulta pequena, e en segundo lugar porque hai un tema de fondo que esta Corporación, lamentablemente, non abordou aínda, nós imos manter a mesma posición que mantivemos tamén xa o ano pasado, que é a posición de abstención. Moitas gracias.

Sr. Varela Rey

Para manifestar que o incremento que se vén aplicando ó mantemento de vías, sufriu un incremento considerable nos últimos tempos e que, en todo caso, está motivado fundamentalmente nos criterios por carácter técnico, ou sexa, que todos os grupos que se incorporan a este expediente dentro do Plan de conservación que vén dado polas necesidades apreciadas polos técnicos provinciais. Moitas gracias.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1) Aprobar a 1ª fase do Plan de conservación de vías provinciais de 2003 integrado polos proxectos que a seguir se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 3.746.758,17 euros, con cargo á partida 0401/511B/210.01:

CÓDIGO	DENOMINACION	ORZAMENTO
03.1100.0002.0	GRUPO 1B.- CARIÑO	111.591,59
03.1100.0004.0	GRUPO 3.- CEDEIRA, CERDIDO E VALDOVIÑO	184.332,38
03.1100.0005.0	GRUPO 4.- FERROL, NARON	134.885,76
03.1100.0006.0	GRUPO 5.- MOECHE, SAN SADURNIÑO E AS SOMOZAS	126.904,59
03.1100.0007.0	GRUPO 6.- ARES, FENE, MUGARDOS E NEDA	68.670,25
03.1100.0008.0	GRUPO 7.- CABANAS, MIÑO E PONTEDEUME	60.782,31
03.1100.0009.0	GRUPO 8.- IRIXOA, MONFERO, PADERNE E VILARMAIOR	288.616,46
03.1100.0011.0	GRUPO 10.- CAMBRE, CARRAL	148.736,21
03.1100.0012.0	GRUPO 11.- ABEGONDO, BERGONDO, BETANZOS	180.280,52
03.1100.0013.0	GRUPO 12.- ARANGA, CESURAS, COIROS, CURTISE OZA	253.541,29
03.1100.0014.0	GRUPO 13.- BOIMORTO, FRADES, MESIA, ORDES, OROSO E VILASANTAR	182.544,42
03.1100.0015.0	GRUPO 14.- MELIDE, SANTISO, SOBRADO E TOQUES	81.501,55
03.1100.0016.0	GRUPO 15.- ARZUA, BOQUEIXON, O PINO, TOURO	122.259,46

03.1100.0018.0	GRUPO 17.- CARBALLO, CERCEDA, A LARACHA	146.276,29
03.1100.0019.0	GRUPO 18.- CABANA, DE BERGANTIÑOS, CORISTANCO, MALPICA, PONTECESO, ZAS	233.160,84
03.1100.0020.0	GRUPO 19.- CAMARIÑAS, LAXE, VIMIANZO	91.773,97
03.1100.0021.0	GRUPO 20.- CARNOTA, CEE, CORCUBION, DUMBRIA E MAZARICOS	81.703,52
03.1100.0022.0	GRUPO 21.- AMES, A BAÑA, NEGREIRA, VAL DO DUBRA	96.280,08
03.1100.0023.0	GRUPO 22.- ORDES, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TORDOIA, TRAZO, VAL DO DUBRA	401.843,77
03.1100.0024.0	GRUPO 23.- MAZARICOS, MUROS, OUTES	193.829,53
03.1100.0026.0	GRUPO 25.- BRION, DODRO, PADRON, ROIS	111.987,15
03.1100.0027.0	GRUPO 26.- AMES, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO, VEDRA	103.391,62
03.1100.0028.0	GRUPO 27.- BOIRO, RIANXO	30.995,32
03.1100.0029.0	GRUPO 28.- A POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIBEIRA	128.147,57
03.1100.0030.0	GRUPO 35.- E.P. 2904 DE CORISTANCO A SANTA COMBA	109.703,25
03.1100.0031.0	GRUPO 36.- E.P. 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRIA	73.018,47
TOTAL.....	3.746.758,17	

2) Aprobar as obras que a continuación se relacionan como supletorias e que se financiará con cargo ás baixas que se produzan na adxudicación do plan e que se incluírán na 2ª fase.

CÓDIGO	DENOMINACION	ORZAMENTO
03.1100.0001.0	GRUPO 1A.- ORTIGUEIRA	148.870,87
03.1100.0003.0	GRUPO 2.- MAÑON, AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	124.209,23
03.1100.0010.0	GRUPO 9.- OLEIROS E SADA	131.578,48
03.1100.0017.0	GRUPO 16.- ARTEIXO, A CORUÑA, CULLEREDO	240.221,09
03.1100.0025.0	GRUPO 24.- LOUSAME, NOIA	156.790,21
TOTAL.....	801.669,88	

3) Expor ó público os proxectos mediante anuncio que se vai publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

## **2.-APROBACIÓN DO PLAN DE MELLORA DE SEGURIDADE VIAL EN ESTRADAS PROVINCIAIS 2003 (CONVENIO TRÁFICO-DEPUTACIÓN DA CORUÑA).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:



“Aprobar o Plan de mellora de seguridade vial 2003 integrado polos proxectos que a seguir se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 300.506,03.- euros, con cargo á partida 0401/511B/601.03:

CÓDIGO	DENOMINACION	ORZAMENTO
03.7480.0001.0	MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NAS ESTRADAS PROVINCIAIS ZONA A	75.126,51
03.7480.0002.0	MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NAS ESTRADAS PROVINCIAIS ZONA B	75.126,50
03.7480.0003.0	MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NAS ESTRADAS PROVINCIAIS ZONA C	75.126,51
03.7480.0004.0	MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA E.P. 5704 DA RASA Á BARQUIÑA (Ampliación Plataforma P.K. 2+900 ó P.K. 3+450)	75.126,51
<b>TOTAL</b> .....		300.506,03

2) Expor ó público os proxectos mediante anuncio que se vai publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

### **3.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA ADQUIRIR E CEDER DÚAS AMBULANCIAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o convenio entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Cruz Vermella Española para a adquisición e cesión de dúas ambulancias, con cargo á aplicación presupostaria 0202/412.E/629.99, núm. de rexistro 7.068 con data do 02.05.03, por importe de 72.121,00 euros.

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A ADQUISICIÓN E CESIÓN DE DÚAS AMBULANCIAS**

A Coruña, de dous mil tres

#### **REUNIDOS**

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da deputación, D. José Luis Almau Supervía, que dá fe do acto, e,

Doutra parte, D. , presidente da Asemblea Provincial da Cruz Vermella Española na Coruña.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

## EXPOÑEN

**PRIMEIRO**.- A Cruz vermella ten entre os seus fins a atención ás persoas e colectivos que sofren previndo e atenuando a dor humana e a prevención e reparación de danos orixinados por accidentes, catástrofes, calamidades públicas, conflitos sociais, enfermidades, andazos e outros riscos e sinistros colectivos e sucesos similares, así como a protección e socorro dos afectados por eles, participando nas actuacións necesarias na forma establecida nas leis e nos plans nacionais ou territoriais correspondentes.

**SEGUNDO**.- A deputación recoñece o importante labor que realiza a Cruz Vermella en todas as súas actuacións, e especialmente co servizo de ambulancias que fai posible o feito de salvar moitas vidas humanas, e por iso, considérase necesario formalizar un convenio de colaboración conforme ás seguintes:

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA**.- A deputación adquirirá conforme cos trámites previstos na normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, dúas ambulancias con destino á Asemblea Provincial da Cruz Vermella.

**SEGUNDA**.- O importe máximo para a dita adquisición non excederá de 72.121 € euros, (aproximadamente uns 36.000 € por ambulancia) que serán achegadas na súa totalidade pola Excm. Deputación Provincial da Coruña.

**TERCEIRA**.- A deputación cederá gratuitamente as citadas ambulancias á Cruz Vermella Española.

**CUARTA**.- Nas ditas ambulancias figurarán rotuladas “Ambulancia”, “Cruz Vermella Española” e lateralmente “Doada pola Deputación Provincial da Coruña”.

**QUINTA**.- A Cruz Vermella correrá cos gastos de uso, mantemento, reparacións e seguros.

**SEXTA**.- As ambulancias destinaranse exclusivamente a fins propios da Cruz Vermella. En caso contrario reverterán automaticamente á deputación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día                      de dous mil tres.

Así o din, asinan e outorgan por cuadruplicado exemplar no lugar e data fixados no encabezamento.

O presidente da deputación

O presidente da Asemblea Prov.  
da Cruz Vermella Española  
na Coruña

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.:

O secretario da Deputación provincial

Asdo.: José Luis Almau Supervía”

**4.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA ESTABLECER A COLABORACIÓN DE ÁMBALAS INSTITUCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DO EQUIPAMENTO PARA A MELLORA DO ALUMEAMENTO PÚBLICO EN TRAVESÍAS.**

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Para os efectos de debate, quixera unificar os puntos números 4 e 5, aínda que imos manter unha votación diferenciada en cada un deles. Realmente é unha mágoa que hoxe non poidamos ter aquí a copia da acta do último Pleno, porque seguramente que abriría bastante luz dos antecedentes deste tema que se trae hoxe aquí para unha presunta resolución que, en todo caso, poño entre comiñas o de resolución, xa digo, é unha mágoa porque veriamos cales foron as posicións que se mantiveron en todo este proceso respecto da aprobación do Plan de infraestructuras locais de transporte e travesías municipais e, fundamentalmente, os antecedentes que motivaron que, tanto o Concello de Corcubión como o Concello de Coristanco non figurasen nese importante global, ou nese plan global que se aprobou, e se lles tivese que buscar unha solución, e sigo poñendo entre comiñas o dunha solución, particularizada.

(Sae o Sr. Erias Rey).

Nós xa sabemos, iso quedou claro e por iso digo, mágoa da acta, que a temos en todo caso, pero mágoa dela hoxe aquí, porque igual aforraba mesmo algunha das intervencións, nós xa sabiamos desde o principio que o Partido Popular, a maioría do goberno desta deputación, tiña moito interese, tivo moito interese no debate que dimos no Pleno do pasado mes de abril, en equiparar os dous casos, en trazar unha liña recta, así horizontal, parecendo que, efectivamente, tanto o caso do Concello de Corcubión como o caso do Concello de Coristanco estaban equiparados para efectos da motivación da súa non inclusión no plan. Sen embargo é evidente, e eu penso que quedou claro tamén nese debate que tivemos, e hoxe quero ratificar aquí, que estamos entre dous casos, eu non diría distintos, senón que ademais eu penso que ata certo punto son antagónicos.

No primeiro caso, o caso do Concello de Coristanco, decídese no seu momento non incluído debido a unha razón que non admite ningún tipo de debate, había un prazo establecido para a solicitude, entrega de documentación, prazo que marcou esta deputación, que non modificou, e polo tanto, aqueles concellos, o de Coristanco ou o que fose, que entren fóra de prazo, naturalmente, a decisión que hai que tomar en aplicación da norma da que libremente nós votamos aquí, que foron as bases esas, será unha decisión que en todo caso hai que tomar tamén con certa valentía, o que non cumpre, e volvemos aquí ó que se dixo da excepcionalidade, de poñela sempre como norma e acabar facendo norma precisamente da excepcionalidade.

Entón, o Concello de Coristanco, que nós saibamos, a razón fundamental e única que motivou que non puidese ser incluído aí era unha que era que entrou fóra do prazo que estaba especificado nas bases. Pero o caso de Corcubión é un caso moi diferente. Tamén é mala sorte que coincida que un sexa do Partido Popular e outro do BNG, porque eu pediría que se esquecese cal é a cor política destes dous concellos e que se mire simplemente cal é o caso, a casuística, e nós imos facelo así, porque ademais, como dixen aquí no seu día, eu descoñecía os antecedentes deste tema e tiver coñecemento cando o tema chegou ó Pleno, nin sequera me chamaron os compañeiros de Corcubión para pór sobre o tapete esta cuestión, pero é evidente cos datos que tiñamos enriba da mesa, o caso de Corcubión é clarísimo, porque é un caso, eu penso que dos máis prexudicados, o máis prexudicado pola aplicación dunhas bases das que, por certo, teño que dicir que nós xa discrepamos no momento en que se aprobaron, que lle prexudican, e quero lembrar aquí que o Concello de Corcubión recibe unha terceira parte dos que menos reciben, a cantidade que recibe o de Corcubión é a terceira parte do seguinte que menos recibe, que se mire o listado para ver a cantidade, 9.513 euros, pouco máis de millón e medio de pesetas. Se aínda por riba, en aplicación das bases, o que se fai é impedirle a contratación de subministracións porque se lle establece un límite que obriga a pór unha cantidade moi grande para poder facer a contratación de subministracións, a min que se me diga se as bases que aprobou este Pleno coa maioría do Partido Popular, son xustas ou son inxustas.

E nós pensamos, e dixémolo no Pleno do mes de abril, que a solución, tanto no caso do Concello de Coristanco, como o caso do Concello de Corcubión, había que darlla non fóra da aprobación do Plan, había que darlla dentro; as singularidades, excepcionalidades ou decisións políticas, tómanse cando hai que tomalas, non aparcando, como se fixo, para deixalo para agora, e para darlle unha solución de carácter singular. O Partido Popular, polas razóns que sexan, nós xa o dixemos naquel momento que era factible, que non se ía paralizar nada, non se paralizaban os outros concellos, eu penso que quedou claro, pero é evidente que se decidiu no seu momento aparcar eses dous casos que veñen hoxe aquí baixo un modelo que a nós non nos gusta nada, é un modelo de convenio que aplica a mesma solución para dous casos que son diferentes, e claro, en política hai que ter unha certa racionalidade á hora de utilizar as varas de medir, sabendo cal é un caso e cal é outro, e non se trata aquí de premiar a ninguén; eu xa sei que dándolle a estes dous concellos non prexudicamos a ningún dos outros, porque é unha cantidade que estaba aí, pero esa solución se lle puido ter dado no momento da aprobación do Plan. Entón aquí hai, evidentemente un concello que se ve prexudicado por unhas bases inxustas, e outro simplemente que queda fóra porque incumpriu as bases, ¿son dous casos diferentes ou non o son?, esa é a pregunta.

E, polo tanto, para os efectos, e xa concretando a nosa posición, para os efectos de manter un voto diferenciado, porque diferenciados son os casos, polo menos para a nosa organización, nós imos manter unha posición de abstención no caso da aprobación do convenio co Concello de Corcubión e imos manter un voto contrario no caso da proposta de aprobación de convenio co Concello de Coristanco porque pensamos, e isto xa, digamos que, como diría o outro, facendo aviso ós navegantes, as bases hai que cumprilas, se non dotamos de mecanismos de funcionamento para os plans desta deputación, ou se cumpren ou non se cumpren, non vale cumprilos cando nos interesa e incumprilos cando non interesa. E, polo tanto, en fin, non sei se este último Pleno serve para dicir que hai tamén diversas formas de facer as cousas e o que non se pode é pasar catro anos dicindo que a todos nos gustaría que as cousas se fixeran doutra maneira, pero seguir facéndoas mal.

Polo tanto, nalgún momento hai que establecer esa liña divisoria, e nós pensamos que esta é unha boa ocasión, quen incumpra as bases non pode entrar dentro dun plan que ten estipulado un prazo e uns mecanismos, e se se incumpren, pois non pode entrar nese plan. Entón, usemos ese mecanismo e seguramente tamén conseguiremos que os propios concellos sexan máis cautelosos á hora de facer as cousas ben, e tamén facer ben as cousas desde esta deputación.

Reitero a abstención na votación do punto número catro e voto en contra na proposta que se trae no número cinco. Moitas grazas.

Sr. Varela Rey

Cando falamos de que cada un dos dous puntos, polo menos segundo o voceiro do BNG, son distintos, na orde do día veñen dous puntos distintos, efectivamente, non veñen unificados, quen unifica o debate é o voceiro do BNG.

O de que o grupo de goberno ten moito interese en equiparar os dous temas é unha apreciación, en todo caso, subxectiva do voceiro do BNG.

Entrar fóra de prazo, que é o Concello de Coristanco, o que si é certo é que iso é un carácter excepcional, é o único concello que entra fóra de prazo, esa situación non prexudica a ningún outro concello, eu penso que é un criterio de vontade política, está claro cal é a vontade política do BNG. Nós entendemos que coa vontade do grupo de goberno permitimos que o Concello de Coristanco disfrute desas economías que tiña asignadas e que, por un erro, nese caso deixaría de percibir, e a vontade do BNG é, quen comete o erro de entrar fóra de prazo, ese paga; en todo caso, cada grupo asume a súa postura, e non hai nada que obxectar.

Corcubión recibe pouco, non é certo, Corcubión recibe o que lle corresponde, recibe exactamente igual que os demais, se ten menos poboación, recibe menos, se ten menos habitantes, recibe menos, se ten menos parroquias, recibe menos, pero recibe o que lle corresponde. E, polo tanto, loxicamente, mire que curiosidade, quen non vai mirar a cor política vai ser o grupo de goberno porque se o grupo de goberno tomase a mesma actitude que toma o Bloque respecto de Corcubión, de absterse, seguramente que o Bloque neste punto quedaría sen a economía para satisfacer as súas demandas e o interese dos cidadáns. Pois nós non imos ter en conta esa situación de cor política e imos propiciar tamén que Corcubión teña ese diñeiro que entendemos que lle corresponde. Porque tamén non deixa de ser curioso que o grupo de goberno do Partido Popular, e neste caso entendo que tamén o grupo socialista, que sexan os que lle teñan que sacar o tema adiante e a abstención que sexa do Bloque, pero en todo caso cada un é responsable da súa posición, e tamén será coherente con ela.

#### Sr. Rodríguez Doval

Eu sigo dicindo que o grupo de goberno, vou ser ademais máis explícito, utilizou ó Concello de Corcubión para favorecer a entrada neste plan ó Concello de Coristanco, así de claro, ¿non lle soa, Sr. Varela?, si, se vostedes tiveran un problema só que fora o Concello de Coristanco, ¿que solución lle terían dado vostedes?, e por que vostedes non lle deron -e volvo á primeira proposta que ía á Comisión informativa correspondente- ó Concello de Corcubión a proposta que facían os servizos técnicos desta casa, que era modificar as bases permitindo que, dado que era unha excepcionalidade, froito dunhas bases mal feitas, que aprobaron vostedes..., claro, vostedes non se queren enfrontar coa súa conciencia, se ese é o problema fundamental, as bases están mal feitas, Sr. Varela, porque se as bases estiveran

ben feitas, non se lle poría ó que menos recibe, a obriga de poñer máis cantidade para poder participar no plan porque iso ¿sabe o que non é?, xusto nin equitativo. E ese é o problema que ten o Concello de Corcubión, o Concello de Coristanco ten outro problema, sexan vostedes valentes no Pleno do mes de abril, e aproben a proposta do Concello de Coristanco aínda entrando fóra de prazo ¿por que non o fixeron?, eu non sei porque non o fixeron así, e non quixeron tampouco modificar as bases, dicindo que non se podían modificar, cando aquí aínda neste Pleno de hoxe imos modificar bases de plans que xa remataron hai dous anos case, ou hai un ano, que o estamos facendo reiteradamente, ¡carafío!, é que vostede parece que nos está tratando como se fosemos espectadores aquí, e nós non somos espectadores aquí, e nós non somos espectadores, que sabemos ben de que vai a movida nesta casa, algo diso sabemos, nalgúns anos apréndese algo. Entón vostede non me veña agora coa cantinela de que gracias ó Partido Popular se lle soluciona o problema a Corcubión, gracias ás bases que aprobou o Partido Popular vostedes lle crearon un problema ó Concello de Corcubión, iso é o que pasou, e agora hai que resolvelo, e o Bloque Nacionalista Galego está en desacordo coas bases que se aprobaron e en desacordo coa solución que lle deron vostedes traendo aquí a proposta de convenio. Por favor, Sr. Varela, remítase á acta do pasado mes de abril e verá vostede que nós lle dixemos, non o dixemos nós, viña unha proposta dos servicios desta casa para que o tema de Corcubión se resolvese a través dunha cuestión que se permitía, e que vostedes levan facendo desde hai bastante tempo, que non era ilegal, que non paralizaba o plan, que era a modificación das bases, vendo unha excepcionalidade, que era unha soa, iso si que era unha soa excepcionalidade, o caso do Concello de Corcubión que polas razóns que sexa..., mire vostede, xa sei que ten o que lle corresponde en aplicación dos criterios que se aprobaron aquí, pero ¿sabe canto é o que lle corresponde en aplicación deses criterios?, moi pouco, e dígolle unha terceira parte do que menos leva, entón non creo que o Concello de Corcubión non teña necesidades similares e os cidadáns de Corcubión non teñan necesidades similares para as vías, para as travesías e para as infraestructuras municipais que teñen o resto dos concellos, e porque teña menos número de parroquias, que me parece que ten tres, ou dúas e porque teña menos extensión e tal, que ó mellor non teña incluso unha rede para atender moitísimo máis grande. Entón, non volvamos aí porque volvemos ó punto cero que é as bases que se fixeron, que eran como eran, que poderían ser outras, e a aplicación desas bases, e a aplicación desas bases creou un problema moi singular, que é o do Concello de Corcubión.

Agora, eu non lle vou permitir a vostede que vostede me diga que o Partido Popular lle quita as castañas do lume, non, que va, porque iso non é así, iso é falsear a realidade, cousa que aquí estamos moi acostumados e nunca ninguén dixo nada, pero eu encoméndolle a vostede que cando saia de aquí, se ten tempo e lle apetece, revise o contido do expediente completo e para que vexa como hai un abismo entre a situación dun concello e doutro, pero sígolle dicindo, vostedes sacaron os dous e co recurso á aprobación dun convenio, resolveron os dous problemas, un que era solucionable legalmente por outra vía, e outro que era solucionable que é o caso do Concello de Coristanco, e entón van os dous no mesmo

paquete. Non se preocupe vostede, non teña vostede ningún tipo de problema en explicarlle á cidadanía, xa lle explicaremos nós á cidadanía do Concello de Corcubión que o vai entender, xa o entendeu moi ben ademais, ¿sabe cando o entendeu?, cando viu que lle daban só nove mil e pico de euros, entón si que o entendeu, explíquenlle vostedes por que aplicaron as bases, e non lle vaian explicando agora, facendo a rolda de prensa, como acostuman a facer sempre dos Plenos, dicindo que por culpa de tal non se fai, ou non se quere, esa política non se pode facer, explíquenlle vostedes que se equivocaron nas bases, xa non digo que as fixeron mal adrede porque non é así, equivocáronse, podían ser outras máis beneficiosas para todos os concellos, e esta é prexudicial porque aínda por riba de darlle menos puxéronlle unha dificultade que non se lle puxo ós demais, e iso está escrito nun informe que fixeron os servicios desta casa, non o invento eu, Sr. Varela, entón a min moléstame que aquí se veña dicindo que vimos defender non sei que, non, non, eu estoume remitindo ó que está no expediente, non a valoracións de carácter persoal sobre quen o fai mellor e quen o fai peor, o que está no expediente, e o que está no expediente, lamentablemente, e isto, e a solución que lle van vostedes dar, a nós non nos gusta, permítanos que nos absteñamos, se non nos gusta, se non aprobamos as bases, se lles criticamos a vostedes, ¿que esperan?, que agora votemos que si simplemente porque é un concello do BNG, pois é unha cuestión que eu penso que hai que ter unha certa racionalidade en todo este tipo de historias. Nós non mantivemos nin unha posición de agrado, nin de conformidade a todo este proceso que se fixo, entón, ¿por que agora temos que votar a favor se a solución que se lle dá é a solución peor?, e a verdade é que vostede destapa sempre a caixa dos tronos cando vén o bo tempo, é dicir, vostede destapa a caixa dos tronos sempre que vén o bo tempo, pero que lle imos facer, só agardo que o tempo non cambie pola súa intervención.

#### Sr. Fernández Moreda

Antes de que remate a quenda de intervencións neste punto, o grupo socialista quere dicir que este é un tema que se debateu amplamente no Pleno do 25 de abril, hai escasamente dúas semanas, e nós mantemos a posición que defendimos nese Pleno. Polo tanto, imos votar favorablemente nos dous puntos no afán de buscar unha solución a un problema que ten o Concello de Coristanco e de Corcubión, sabendo efectivamente, que son dous problemas diferentes, pero que no ánimo de favorecer ós concellos, e non deixar ós concellos sen investimentos e obras, porque non prexudicamos ó alcalde, prexudicamos ós veciños que se van beneficiar, e sabendo que nalgún momento, estamos xa ó final dunha lexislatura, houbo unha certa laxitude, unha grande laxitude na tramitación dos plans neste mandato, pero se ó final desta lexislatura non imos poñer as cousas que deben de poñerse ó principio, ó comezo cunha lexislatura. Non nos gusta esta forma de actuación, pero pensamos que é unha forma de solucionar un problema que temos.

Nada máis e moitas gracias.



Sr. Varela Rey

O das roldas de prensa paréceme que está moi versado o voceiro do Bloque neses aspectos, non temos que dar ningunha rolda de prensa sobre ningún aspecto particular.

Eu coincido plenamente co que apuntaba hai un momento o voceiro do PSOE, o que se busca neste punto, nesta proposta de acordo é solucionar os problemas, e o que busca o goberno nesa actitude, fronte a un problema de dous concellos, buscar unha solución o máis racional, o máis positiva, con sentido constructivo, e que nos equivocamos, pois non temos problema ningún, seguramente que nos equivocaremos moitas veces, hai quen non se equivoca nunca, porque non fai nada, e polo tanto, hai quen non se equivoca nunca, pero quen ten a actitude e a actividade permanente de gobernar tense que equivocarse moitas veces, loxicamente, quen toma moitas decisións, unhas veces acerta e outras veces non está tan acertado, e seguramente que cando se fixeron estas bases ninguén se decatou, incluso un grupo tan perspicaz e tan dilixente como é o Bloque, non se decatou naquel momento de que ía quedar un concello por ese baremo fóra. Pero nós se temos unha equivocación, recoñecémolo humildemente e dicimos, ¿como hai que resolver con Corcubión?, dándolle a mesma participación exactamente igual que ós demais concellos, e ¿como se fai?, pois o grupo de goberno do Partido Popular, apoiando a demanda do Concello gobernado polo Bloque en Corcubión, pero a quen estamos favorecendo, entendemos que é á poboación, e nós temos un carácter flexible nesa aplicación, e non temos un carácter inflexible como entendemos que ten o BNG.

Eu coñezo o expediente á perfección e sei que a solución que lle estamos dando é unha solución que ten que satisfacer ós cidadáns, non só de Corcubión, senón tamén de Coristanco, eu penso que hai que ter ese carácter positivo de resolver as cousas e resolverlle os problemas ós cidadáns. Polo tanto, esa é a nosa postura sobre este particular. Moitas grazas.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 do BNG, 1 do PP - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación -art. 74.1 do Regulamento Orgánico).

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Corcubión para establecer a colaboración de ámbalas dúas institucións para o financiamento do equipamento para a mellora da iluminación pública en Travesías, con cargo á aplicación presupostaria 0501/511.C/762.99, núm. de rexistro 7064 con data do 30.04.03.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN, PARA ESTABLECER A COLABORACIÓN DE ÁMBALAS DÚAS INSTITUCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DO EQUIPAMENTO PARA A MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA EN TRAVESÍAS.

A Coruña, de de dous mil tres.

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, don José Luis Torres Colomer, asistido polo secretario xeral D. José Luis Almau Supervía.

E doutra parte o Sr. alcalde-presidente do Concello de Corcubión.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, sonlles atribuídas

EXPOÑEN

1º.-A Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada o 31 de xaneiro de 2003 acordou a aprobación das Bases reguladoras do Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2003.

2º.-As citadas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 28 con data de 4 de febreiro de 2003, publicándose a convocatoria para a presentación de solicitudes que van formular os concellos interesados, para a inclusión de obras no dito plan.

3º.-O Pleno da deputación en sesión celebrada o 25 de abril de 2003 aprobou o Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2003 no que non se puido incluír ó Concello de Corcubión.

É interese desta deputación que todos os concellos, posibles beneficiarios do Plan, poidan obter financiamento para a realización das obras e equipamentos por eles propostos, que se detallan no proxecto técnico proporcionado polo Concello de Corcubión co título de equipamento para mellora da iluminación pública en Travesías.

Por todo o cal:

#### ACORDAN:

Formalizar o presente CONVENIO conforme ás seguintes CLÁUSULAS:

#### PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento do equipamento para a mellora da iluminación pública en Travesías, detallado no proxecto técnico suscrito polo arquitecto técnico municipal, que se acompaña como anexo e que forma parte integrante do presente convenio.

#### SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

A Deputación Provincial da Coruña financiará o equipamento sinalado na cláusula anterior cunha achega máxima de 9.513,02 euros.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do 100% do total dos gastos.

#### TERCEIRA.- CONTRATACIÓN

Corresponde ó Concello de Corcubión a contratación do equipamento, de acordo co previsto no decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas mediante concurso con procedemento aberto e conforme ós pregos-tipo de subministración da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o 30 de marzo de 2001.

#### CUARTA.- ACHEGA DA DEPUTACIÓN

A deputación aboará a súa achega ó Concello de Corcubión á presentación da correspondente factura e acta de recepción aprobadas polo órgano competente do Concello de Corcubión, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalado na cláusula 2ª, así como certificación de adxudicación da subministración.

O total do importe que se vai aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula 2ª.

No suposto de que o importe final das subministracións fose superior, calquera exceso que resultase na cantidade sinalada será por conta do Concello de Corcubión.

#### QUINTA.- DESTINO E COMPROBACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O Concello de Corcubión comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se concedeu, podendo comprobar a Deputación da Coruña, cando o considere pertinente, os equipamentos subministrados conforme ó presente convenio.

Os equipamentos adquiridos conforme ó presente convenio pasarán a ser bens de titularidade municipal sendo por conta do Concello de Corcubión o mantemento e axeitada conservación deles.

#### SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Co fin de establecer un seguimento coordinado da execución do presente convenio constituirase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polos seus respectivos presidentes.

#### SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio iniciará a súa vixencia na data da súa sinatura e rematará antes do 30 de novembro de 2003, prorrogable por causas xustificadas, debéndose entregar a documentación xustificativa sinalada na cláusula 4ª dentro do dito prazo.

#### OITAVA.- NATUREZA E XURISDICCIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia deste.

Correspóndelle ó Pleno da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente convenio, tralo previo informe da Comisión de Seguimento.

Para resolver as dúbidas ou lagoas que xurdan na interpretación do presente convenio aplicarase supletoriamente o decreto lexislativo 2/2000 de 16 de xuño.

En proba de todo o cal asinan o presente documento por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación  
da Coruña

O alcalde do Concello  
de Corcubión

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.:

O secretario da deputación

Asdo.: José Luis Almu Supevíá”

**5.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORISTANCO PARA ESTABLECER A COLABORACIÓN DE ÁMBALAS INSTITUCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “REGULARIZACIÓN SEMAFÓRICA DAS TRAVESÍAS DE TRABA E AUGALADA E AFIRMADO E MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS RURAIS NAS PARROQUIAS DE CEREIO, OCA E SAN PAIO.”**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: 1 deputado do PP - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación -art. 74.1 do Regulamento Orgánico).

#### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Aprobar o convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coristanco para establecer a colaboración de ámbalas dúas institucións para o financiamento das obras “regularización semafórica das Travesías de Traba e Agualada e afirmado e mellora da capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Cereio, Oca e San Paio, con cargo á aplicación presupostaria 0501/511.C/762.99, núm. de rexistro 7.081 con data do 05.05.03 por importe de 92.738,01 euros.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORISTANCO PARA ESTABLECER A COLABORACIÓN DE ÁMBALAS DÚAS INSTITUCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REGULARIZACIÓN SEMAFÓRICA DAS TRAVESÍAS DE TRABA E AGUALADA” E “AFIRMADO E MELLORA CAPA DE

## RODADURA DE CAMIÑOS RURAIS NAS PARROQUIAS DE CEREO, OCA E SAMPAIO”.

A Coruña, de de dous mil tres.

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, don José Luis Torres Colomer, asistido polo secretario xeral D. José Luis Almau Supervía.

E doutra parte o Sr. alcalde-presidente do Concello de Coristanco.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

### EXPOÑEN:

1º.-A Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada o 31 de xaneiro de 2003 acordou a aprobación das Bases reguladoras do Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2003.

2º.-As citadas Bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 28 con data do 4 de febreiro de 2003, publicándose a convocatoria para a presentación de solicitudes que vaian formular os concellos interesados, para inclusión de obras no dito plan.

3º.-O Pleno da deputación en sesión celebrada o 25 de abril de 2003 aprobou o Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2003 no que non se puido incluír ó Concello de Coristanco.

É interese desta deputación que todos os concellos, posibles beneficiarios do Plan, poidan obter financiamento para a realización das obras por eles propostas.

Por todo o cal:

### ACORDAN:

Formalizar o presente convenio conforme ás seguintes cláusulas:

#### PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coristanco para o financiamento das obras incluídas nos seguintes proxectos:

A)Regularización semafórica das travesías de Traba e Agualada.

B)Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Cereo, Oca e Sampaio.

#### SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

A Deputación Provincial da Coruña financiará as citadas obras do seguinte xeito:

DENOMINACIÓN	IMPORTE	ACHEGA PROVINCIAL	PORCENTAXE	ACHEGA MUNICIPAL
A) REGULARIZACION SEMAFORICA DAS TRAVESIAS DE TRABA E AGUALADA	92.738,01	92.738,01	100%	0,00
B) AFIRMADO E MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS RURAIS NAS PARROQUIAS DE CEREO, OCA E SAMPAIO	34.768,74	(1)	(1)	(1)

(1) Polo que respecta á obra Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Cereo, Oca e Sampaio, a achega da deputación será ata o importe máximo da baixa resultante da obra Regularización semafórica das travesías de Traba e Agualada e a achega municipal a necesaria para completar a total suficiencia do presuposto de execución.

Faise constar que non haberá achegas doutras entidades públicas ou privadas en relación co obxecto deste convenio.

#### TERCEIRA.- CONTRATACIÓN

Corresponde ó Concello de Coristanco a contratación das obras, de acordo co previsto no decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas e conforme ós pregos-tipo para a adxudicación mediante concurso ou poxa con procedemento aberto, de obras da Deputación Provincial da Coruña aprobadas polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o 15 de xullo de 2002.

#### CUARTA.- ACHEGA DA DEPUTACIÓN

A Deputación Provincial da Coruña aboará a súa achega do seguinte xeito:

A) A obra “Regularización semafórica das travesías de Traba e Agualada”.

A achega da deputación será aboada ó Concello de Coristanco contra presentación de certificacións de obra e factura expedida polo contratista e certificación do secretario do concello no que se faga constar que foi aprobada polo órgano competente do Concello de Coristanco, así como certificación de adxudicación da obra. O pagamento do importe final requirirá a achega da Acta de recepción da obra.

O total do importe que se vai aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula 2ª.

No suposto de que o importe final da obra fose superior, calquera exceso (reformado, complementarios, liquidacións) que resultase sobre o importe de adxudicación será por conta do Concello de Coristanco.

B) A obra “Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Cereo, Oca e Sampaio”.

A achega da deputación realizarase ata o importe máximo de baixa resultante da obra “Regularización semafórica das travesías de Traba e Agualada”. Para estes efectos a achega será aboada polo Concello de Coristanco proporcionalmente contra certificación de obra e factura expedida polo contratista e certificación do secretario no que se faga constar que foi aprobada polo órgano competente do Concello de Coristanco. O pagamento do importe final requirirá a achega da Acta de recepción da obra.

No suposto de que o importe final da obra fose superior, calquera exceso (reformado, complementarios, liquidacións) que resultase sobre o importe de adxudicación será por conta do Concello de Coristanco.

#### QUINTA.- DESTINO E COMPROBACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O Concello de Coristanco comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se concedeu, podendo comprobar a Deputación da Coruña, cando o considere pertinente, as obras executadas conforme ó presente convenio. O mantemento e axeitada conservación das obras pasarán a ser por conta do Concello de Coristanco.

#### SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO



Co fin de establecer un seguimento coordinado da execución do presente convenio constituirase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polos seus respectivos presidentes.

#### SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio iniciará a súa vixencia na data da súa sinatura e rematará antes do 30 de novembro de 2003, prorrogable por causas xustificadas, debéndose entregar a documentación xustificativa sinalada na cláusula 4ª dentro do dito prazo.

#### OITAVA.- NATUREZA E XURISDICCIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia deste.

Corresponde ó Pleno da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente convenio, tralo previo informe da Comisión de Seguimento.

Para resolver as dúbidas ou lagoas que xurdan na interpretación do presente convenio aplicarase supletoriamente o decreto legislativo 2/2000 de 16 de xuño.

En proba de todo o cal asinan o presente documento por cuaduplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación  
da Coruña

A alcaldesa do Concello de  
Coristanco

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.:

O secretario da deputación

Asdo.: José Luis Almau Supervía”

**6.-APROBACIÓN DOS PROXECTOS REFORMADOS DAS OBRAS “PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE IRIXOA E CORUXO”, CÓDIGO 02.2100.0151.0; “PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE MÁNTARAS E VERINES”, CÓDIGO 02.2100.0152.0 E “PAVIMENTACIÓN NA VIÑA (PISTA IGREXA E OUTRO)”, CÓDIGO 02.2100.0155.0 DO CONCELLO DE IRIXOA INCLUÍDAS NO POS 2002.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar os proxectos reformados das obras “Pavimentación nas parroquias de Irixoa e Coruxou” código: 02.2100.0151.0, “Pavimentación nas parroquias de Mántaras e Verines” código 02.2100.0152.0 e “Pavimentación na Viña (Pista Igrexa e outro)” código: 02.2100.0155.0 do Concello de Irixoa, incluídas no POS 2002 que non representan unha variación nos seus presupostos totais, nin varían a finalidade ou o obxecto das obras pero si implican unha modificación substancial por afectar internamente a máis do 30% das súas unidades de obra.

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento Total</u>
02.2100.0151.0	Pav. Prrq. Irixoa	28.826,96	6.041,00	1.835,16	36.703,12
02.2100.0152.0	Pav. Prrq. Mantarase Verines	30.366,99	6.364,00	1.933,21	38.664,20
02.2100.0155.0	Pav. A Viña (Pista Igrexa e outro)	30.786,16	6.452,00	1.959,90	39.198,06

**7.-MODIFICACIÓN DA OBRA APROBADA POLO CONCELLO DE CARNOTA “CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO DE AMBIENTE” DO PLAN XXI DE TURISMO DA NATUREZA (ANUALIDADE 2001).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar a modificación da obra ó Concello de Carnota, segundo o seguinte detalle:

Cód. 01.4300.0508.0 “Contratación técnico de medio ambiente”.

Presuposto:	3.775,65 euros
Deputación fondos propios:	3.340,41 euros
Achega concello:	435,24 euros

2º.-O importe proposto que ascende á cantidade de 3.340,41 euros deberá ser imputado á partida presupostaria 0305/751A/46200.

3º.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

(Sae o Sr. Rey Moreno).

## **8.-PROXECTO REFORMADO DA OBRA “INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL” CONCELLO DE BERGONDO, INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE PARQUES DE BOMBEIROS E INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CIVIL, ANUALIDADE 1999.**

### INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Veras

Para anunciar a abstención do grupo do BNG neste punto, posto que hai, como en todas as instalacións practicamente de protección civil e parques de bombeiros, ese preceptivo dezaioito e pico, dezanove por cento do incremento do presuposto, polo tanto, nós ímonos abster.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar por un importe total de 126.814,36 euros sobre o presuposto de contrata o proxecto reformado da obra “Instalación de Protección Civil en Bergondo código 99.4000.0008.0” aprobada polo Pleno da deputación en sesión celebrada o 29.12.00.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no presuposto do proxecto reformado que ascende a 19.350,96 euros sobre contrata e 18.963,94 euros sobre adxudicación, asignándosele ó proxecto reformado o código 99.4000.0008.6.

O incremento será asumido integramente pola deputación, polo que os datos de financiamento da obra son:

<u>Obra</u>	<u>Financiamento definitivo</u>
Proxecto reformado “Instalación protección civil en Bergondo, código reformado 99.4000.0008.6	126.814,36 euros

2.-Dispor a exposición pública da memoria técnica reformada mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que se poidan presentar alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

4.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

### **9.-CONVENIO PARA FINANCIAR O CUSTO DE ELABORACIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN DIRIXIDO A MEMBROS DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE TITULADOS NÁUTICOS PESQUEIROS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio que vai subscribir a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Española de Titulados Náutico Pesqueiros para financiar un programa de formación promovido pola asociación e conforme co detalle que figura na memoria que se xunta ó presente convenio.

2.-A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 48.000 euros.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida presupostaria 0305/711C/489.99.

3.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

4.-O texto íntegro do convenio é o seguinte:

A Coruña, de dous mil tres

## REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. José Luis Torres Colomer, como presidente da Excmo. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da Corporación D. José Luis Almau Supervía.

Doutra parte D.

## EXPOÑEN

1.- Que a Excmo. Deputación Provincial da Coruña e Asociación Española de Titulados Náuticos Pesqueiros (AETINAPE), consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa formación dos titulados náuticos pesqueiros, fomentando con isto a mellora na seguridade do tráfico marítimo.

2.-Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Española de Titulados Náutico Pesqueiros, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## ESTIPULACIÓNS

### Primeira.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto o de financiar un programa de formación dos titulados náutico pesqueiros, fomentando con isto a mellora da seguridade do tráfico marítimo e conforme ó detalle que figura na memoria adxunta. O obxectivo xeral do proxecto que se vai realizar é o de favorecer o coñecemento dos titulados náutico pesqueiros.

### Segunda.-Obrigas

O programa de formación queda establecido nas condicións precisas que se determinan na memoria adxunta ó presente convenio.

A Asociación Española de Titulados Náutico Pesqueiros asume a obriga de facer constar a colaboración da Excmo. Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación do proxecto.

### Terceira.-Financiamento

A Deputación da Coruña financiará o proxecto cunha achega de 48.000 euros, que representan un coeficiente de financiamento do 100%. A cantidade citada pagarase contra a presentación das facturas correspondentes referidas ás accións abranguidas no proxecto:

- a) O 50% unha vez xustificado o gasto por importe de 24.000 euros.
- b) O 50% restante unha vez xustificada a cantidade restante de 24.000 euros.

No suposto de que non se xustifiquen a totalidade dos gastos minorarase a achega da deputación en cada un dos gastos previstos.

No caso de que os gastos xustificadas foran superiores ás achegas aprobadas, as mencionadas achegas non superarán a cantidade de 48.000 euros.

De obtérense outras subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade, o importe de todas elas non superará o 100% do gasto xustificado, minorándose se fora necesario a achega provincial para tal fin. Para tal efecto deberá presentarse declaración na que se faga constar esta circunstancia.

#### Cuarta.-Interpretación

Correspóndelle ó Pleno da Corporación, a interpretación, modificación e resolución do presente convenio.

Para resolver as dúbidas ou lagoas que xurdan na interpretación do convenio aplicaranse supletoriamente o decreto legislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas.

#### Quinta.Vixencia

O presente convenio rematará a súa vixencia co cumprimento do obxecto previsto nel e, en todo caso o día 30 de novembro de 2003.

#### Sexta.-Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir en relación con este será competencia da xurisdicción contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen xurdir na súa interpretación estarase ó

disposto no decreto legislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data de

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente documento no lugar e data arriba indicados

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN  
ESPAÑOLA DE TITULADOS  
NÁUTICO PESQUEIROS

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.: José Manuel Muñiz Ríos

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: José Luis Almau Supervía”

## **10.-AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS OBRAS DO PLAN XXI PARA O FOMENTO DE TURISMO DE NATUREZA NA PROVINCIA DA CORUÑA. ANUALIDADE 2002.**

### INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Veras

Hai unha corrección dun erro que se deu na transcripción do informe á proposta de acordo definitiva, nese tipo de corrección de erros, evidentemente, o Bloque non vai opoñerse, en todo caso, como o punto que nos trae ó Pleno é ampliación do prazo, e nós xa no Pleno pasado dixemos que nos íamos abster, seguimos mantendo a posición de abstención.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Modificar o teor literal da base 8 da convocatoria do Plan XXI para o fomento do turismo da natureza na provincia da Coruña, aprobadas polo Pleno da Corporación do 16 de maio de 2001 (publicadas no BOP do 22 de maio de 2002) no senso de ampliar o prazo de xustificación das obras, servicios e subministracións incorporados na segunda anualidade do plan correspondente ó exercicio de 2002 no senso de conceder un novo prazo que finalizará o 30.11.03 O teor literal da base modificada quedaría establecido nos seguintes termos:

“...Tódolos investimentos da anualidade do ano 2002 deberán estar executados e debidamente xustificadas perante a deputación con anterioridade ó día 30 de novembro do ano 2003...”

2.-Dispor a exposición pública da presente modificación das bases da convocatoria mediante a publicación dun anuncio no BOP para efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentar ningunha.

3.-Facultar ó presidente para todo canto resulte necesario para a correcta execución do presente acordo.”

#### **11.-CONVENIO ADMINISTRATIVO PARA FINANCIAR O CUSTO DE ELABORACIÓN DUNHA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DA AGRICULTURA ECOLÓXICA (CONCELLO DE VILASANTAR).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio que vai subscribir a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vilasantar para promover a agricultura ecolóxica a través dun programa que se ha desenvolver nas comarcas de Arzúa-Ordes, Barbanza, Bergantiños, Betanzos e Eume conforme co detalle que figura na memoria que se xunta ó presente convenio.

2.-A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 95.732,9 euros (59,8% do total)

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida presupostaria 0305/711E/462.00.



3.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio

4.-O texto íntegro do convenio é o seguinte:

A Coruña, de dous mil tres

#### REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. José Luis Torres Colomer, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da Corporación D. José Luis Almau Supervía.

Doutra parte D.

#### EXPOÑEN

1.-Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vilasantar, consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción da agricultura ecolóxica.

2.-Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Concello de Vilasantar, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes:

#### ESTIPULACIÓNS

##### Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto o de financiar un programa de promoción da agricultura ecolóxica, conforme ó detalle que figura na memoria adxunta e co texto que forma parte do presente convenio.

##### Segunda. Obrigas

O Concello de Vilasantar asume a obriga de facer constar a colaboración da Excma. Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación do proxecto.

##### Terceira. Financiamento

O orzamento total ascende á cantidade de 160.016,00 euros dos cales 95.732,90 euros correspóndenlle á achega da deputación, representando o 59,80 por cento do orzamento total. A citada achega da deputación aboarase con cargo á aplicación 0305/711E/462.00

A achega da deputación realizarase do seguinte modo:

a) O 50% en concepto de anticipo prepagable unha vez formalizado o convenio.

b) O 50% restante unha vez cumprido integramente o obxecto do convenio e logo da presentación das correspondentes facturas referidas ás accións abranguidas na memoria acompañadas de certificación expedida polo secretario do concello de Vilasantar co visto e prace do alcalde, na que se fagan constar que foran aprobadas polo órgano competente.

No suposto de que non se xustifiquen a totalidade dos gastos minorarase a achega da deputación ata as cantidades realmente xustificadas.

De obtérense outras subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade, o importe de todas elas non poderá superar o 100% do gasto xustificado minorándose se fora necesario, a achega provincial para tal fin. Para tal efecto deberá presentarse declaración na que se faga constar esta circunstancia.

No caso de que os gastos xustificados foran superiores ás achegas aprobadas, as mencionadas achegas non superarán a cantidade de 95.732,90 euros.

A falta de xustificación no prazo sinalado, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ó reintegro do importe percibido e non xustificado, ó que se engadirán os correspondentes xuros de mora, calculados desde a data da achega do primeiro prazo.

#### Cuarta.-Interpretación

Correspóndelle ó Pleno da Corporación, a interpretación, modificación e resolución do presente convenio.

Para resolver as dúbidas ou lagoas que xurdan na interpretación do convenio aplicaranse supletoriamente o decreto legislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas.

#### Quinta.Vixencia

O presente convenio rematará a súa vixencia co cumprimento do obxecto previsto nel e, en todo caso o día 30 de novembro de 2003.

Sexta.-Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir en relación con este será competencia da xurisdicción contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen xurdir na súa interpretación estarase ó disposto no decreto legislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data de

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente documento no lugar e data arriba indicados

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE VILASANTAR

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.: José Manuel Taboada García

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: José Luis Almau Supervía”

**12.-CONVENIO ADMINISTRATIVO PARA FINANCIAR A ACHEGA PROVINCIAL PREVISTA NO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA COSTA DA MORTE A TRAVÉS DE CONVENIO QUE SE HA SUBSCRIBIR CO MINISTERIO DE ECONOMÍA E A CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO.**

INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Veras

Neste punto, tal e como aparece citado na orde do día, trátase de asinar un convenio administrativo para coordinar as actuacións con respecto a un plan de excelencia turística da Costa da Morte entre tres administracións públicas.

(Entra o Sr. Rey Moreno).

Vaia por diante que, evidentemente, nós, e fundamentalmente despois de todo o que pasou e aconteceu nesa zona co do accidente do Prestige, evidentemente, todo o que sexa recuperación económica que nós, evidentemente, entendemos que tiña que vir conformado nun plan de recuperación onde se trataran outras áreas de promoción económica, pero evidentemente, o turismo pode ser un dos piares desa recuperación na Costa da Morte.

Unha vez dito isto, para aclarar a nosa postura, nós evidentemente, sempre mantivemos unha postura respecto dos convenios administrativos no sentido de que debían ser instrumentos excepcionais para acometer este tipo de actuacións e de feito nos informes que aparecen no expediente, fundamentalmente o de Patrimonio e Contratación, fálase de que hai outros instrumentos ós que esta deputación poida inclinarse, como poden ser plans especiais para levar a efecto estes proxectos, e evidentemente, aí para nós é a gran diferenza, un convenio sempre é excepcional cando concorre determinadas circunstancias, e ten a desvantaxe, para nós, de que o que é o control da xestión, despois de aprobados unha serie de obxectivos xenéricos, fúrtase ó que é o Pleno da deputación, e evidentemente con este convenio imos caer no mesmo sentido, é dicir, créase unha comisión de seguimento para a coordinación de actuacións onde curiosamente os que van ser beneficiados, que son os concellos afectados polo plan, non están presentes, pero tampouco está presente o que é a pluralidade política da administración en concreto que estamos asinando este convenio, neste caso, que é a deputación.

E un exemplo claro desta dinámica é que nós sabemos que existen proxectos, que houbo reunións cos respectivos concellos e incluso que xa existe unha preselección de proxectos e unhas actuacións comprometidas, cando menos, para esta anualidade de 2003 cando, curiosamente, neste Pleno estamos co acto formal de sinatura do convenio e, polo tanto, da achega que vai facer a deputación, que non é unha cantidade pequena, é 1.666.000 euros para acometer nese plan.

Neste sentido, pola figura e polo instrumento administrativo polo que se opta para a xestión, nós ímonos abster.

Sr. Fernández Moreda

Gracias, Sr. presidente, nós imos votar que si a favor deste convenio, consideramos que é xusto e necesario, e é conveniente, e non só polas consecuencias orixinadas pola catástrofe do Prestige, é que esta zona, esta comarca, é das poucas zonas que están perdendo poboación, e calquera iniciativa que se faga para dinamizar esa zona, sempre será benvida. A Costa da Morte ten unha imaxe de marca, Costa da Morte, coñecida en toda España e coñecida tamén noutros ámbitos fóra do noso país. Ten unhas grandes potencialidades turísticas, e eu penso que debemos de poñelas en valor, e todo o que se faga

neste sentido terá sempre o apoio do grupo socialista. Non nos gusta, sen embargo, gústanos a idea, pero non nos gusta a plasmación, a materialización desta idea no texto do convenio que se nos propón para aprobar, porque entendemos que hai cousas que sobran, e que se é posible, non sei se estamos nun momento procedemental oportuno para modificar algunhas cláusulas neste convenio, pero por se é posible, e se así o considera o grupo de goberno, propoñeríamos que se modificase. Non entendemos por que asina a Asociación de Hostaleiros, non achegan nada ó convenio, non achegan ningunha cantidade ó convenio, asinemos se queremos cos alcaldes, ou cos hostaleiros de cada municipio que vai ser beneficioso deste convenio, pero non entendemos, nós suprimiríamos a participación dos hostaleiros. Non entendemos por que temos que crear burocracia para a aplicación deste convenio, para que temos que nomear un xerente, se a deputación vai xestionar estes 4.900.000 euros, que o xestione a deputación a través dos servizos que xa ten a deputación, e a través dos funcionarios da deputación, ¿para que imos crear unha nova burocracia con salarios de persoal se é innecesario? E en terceiro lugar, a deputación obrígase con este convenio a facer cousas que non pode facer, porque este convenio, segundo este convenio, a deputación estaría obrigada a evitar o crecemento incontrolado dos núcleos turísticos e da oferta de aloxamento, algo que está fóra do ámbito das posibilidades de actuación desta deputación, e a deputación tamén se compromete a velar polo estrito cumprimento da normativa urbanística e de ordenación territorial; son cousas que non achegan nada a este convenio, son compromisos que adquire a deputación de imposible cumprimento, polo tanto, se é posible, suprimase.

En resumo, pensamos que é unha boa idea, é bo que participen outras institucións, o goberno da nación, a Xunta de Galicia, a Costa da Morte merece este esforzo, a xente da Costa da Morte merece este esforzo, pero se estamos no momento procedemental oportuno, melloramos o texto do convenio suprimindo os hostaleiros, ou ben dándolle cabida ós concellos neste convenio, suprimamos a figura do xerente e xestionémolo cos medios que ten a deputación e, desde logo, suprimamos o das obrigas que ten que contraer a deputación á sinatura deste convenio, destes dous apartados que son de difícil cumprimento, se son de difícil cumprimento e non o podemos facer, pois mellor suprimámolo para evitar que alguén trate de incumplir ou trate de denunciar este convenio porque non se están cumprindo as cláusulas e as obrigas que os propios asinantes están adoptando.

Sr. Varela Rey

Imos tratar un punto para formalizar un convenio entre o goberno central, a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña, para que entre as tres administracións, e poñendo cada unha delas 1.666.000 euros, ou sexa, 5.000.000 de euros, traducidos a pesetas, preto de 800 millóns de pesetas, paliar dalgún xeito os efectos negativos, os recursos naturais da Costa da Morte, poñer en valor tamén todo o que poida significar todo o sector da hostalería nesa parte e, polo tanto, crear unha axuda inequívoca e moi importante, sectorial,

onde a deputación, como concello de concellos, debe de xogar unha participación importante.

(Entra o Sr. Erias Rey).

Polo tanto, desde o grupo de goberno parécenos que é acertado, parécenos que é moi importante para a zona, parécenos que é necesario, entendemos que vai crear novas opcións para todos os concellos dalgunha maneira afectados, e onde están representados neste convenio, onde houbo tres reunións, creo lembrar, aquí na Deputación provincial de todos os concellos, desde Muros ata A Coruña, por toda a banda litoral, estivemos presentes aquí os alcaldes, ou delegados de alcaldes de todas as cores políticas de todos os concellos coa intención, e desde un punto de vista de carácter profesional, e vendo experiencias que houbo noutros lugares, ou noutros escenarios deste país, digo ese carácter máis profesional un pouco en contradición co que sinalaba o voceiro do PSOE, onde dicía que a deputación podería tomar a iniciativa desde os profesionais, ou desde o persoal que ten aquí..., eu penso que o persoal da deputación pode seguir participando activamente, achegando e completando eu penso que esta estrutura máis profesionalizada que se pretende, en todo caso, o que se pretende é que estas economías que cumpran os obxectivos para os que foron previstos.

Polo tanto, o feito de que estea a Asociación de Hostaleiros representada é para darlle un carácter tamén ademais de estar os alcaldes, para que participe algunha entidade de carácter privado, pero en todo caso, máis que nada para coñecer fundamentalmente o punto de vista, eu penso que poden facer unha achega de cal é a situación, cales son as súas demandas, cales son as súas inquietudes, tamén, como profesionais, son dúas asociacións de hostalería, unha é a Asociación provincial e outra é unha Asociación de Hostalería da Costa da Morte; eu penso que é interesante sempre coñecer o punto de vista daqueles que se moven no sector fundamentalmente turístico e da hostalería, eu penso que con ese cariño, penso que é conveniente escoitalos.

E, polo tanto, tamén entendo, ou entende este goberno, que ademais de lamentarnos, e de ver todo en negro, e de poñer peros a todo, eu penso que tamén, de vez en cando, hai que dar o paso e dar o apoio a iniciativas onde están todos os concellos. Eu teño que dicir, con toda claridade, que é moi difícil entender a postura dun grupo político que ante unha situación que se pretende axudar, colaborar, aproveitar os recursos endóxenos que poida ter esta parte do territorio, ante unha situación problemática que estamos vivindo, ante un verán que se achega, por iso pretende ser moi rápida no seu establecemento das primeiras medidas, pretende ser con toda a celeridade posible, se o podemos facer en quince días non tardamos un mes. O que ocorre é que para algúns, cando vas a modo deberías de ir máis rápido, cando vas rápido, precipítaste, cando colaboras, ¿para que?, cando non colaboras, non fas nada, e polo tanto, eu penso que é moi difícil entender algunhas posicións.

Eu repito que teño que solicitar o apoio do Bloque, debo solicitar o voto positivo e favorable para esta opción, para axudar, para colaborar, para investir 800 millóns de pesetas na promoción do turismo, na promoción da hostelería dunha zona que tivo, e que ten, uns problemas ben claros, o resto, desde logo desde o noso punto de vista, sería moi difícil de entender. Moitas gracias.

Sra. Vázquez Veras

Eu case estou por pensar que cando o Sr. Varela pedimos a palabra para falar, en vez de escoitar o que estamos dicindo pon unha cinta magnetofónica para escoitar cousas que non se dixeron neste Pleno. Non sei a que vén iso de lamentarse e ver todo negro, cando eu penso que na miña intervención en absoluto fixemos unha intervención desas características, nin moito menos. Foi xa para curarme en saúde a primeira parte, é dicir, que estamos absolutamente de acordo con que evidentemente o tema do turismo pode ser un dos piares básicos de recuperación e de asentamento da poboación na Costa da Morte e nalgunha comarca máis, porque evidentemente o convenio que estamos aprobando neste momento afecta a máis concellos, vai de Muros, segue toda a costa e remata en Arteixo, queda ese anaquiño da Coruña, do Monte de San Pedro, que debe de ser xa o Concello da Coruña, imaxino que pensará a deputación que ten capacidade suficiente como para potencialo turisticamente, entón iso que quede claro, en primeiro lugar.

E en segundo lugar, eu penso que na miña intervención tampouco me neguei a que houbo participación da deputación, nin moito menos, o que dixemos, e sigo insistindo, en que nos gusta o instrumento exacto que se seleccionou para xestionar este plan, é o punto onde nós non estamos de acordo e, evidentemente, nin se atrasa, nin se acelera, nin se fai nada, é dicir, como vostede ben dixo, houbo xa reunións cos concellos, é algo que cando menos, na mente do goberno provincial debía de estar desde hai algún tempo, ben, pois o que non nos gusta foi o final o instrumento polo que optaron, que é o convenio administrativo, e insisto que para nós ten a gran pega de que o que fai é substraer do control deste Pleno o que van ser os proxectos en concreto das actuacións en concreto onde se van investir tanto a achega da deputación, como a achega do resto das administracións públicas. Polo tanto, non existe ningún argumento que nos sirva para cambiar o noso voto e, evidentemente, imos seguir absténdonos. Moitas gracias.

Sr. Fernández Moreda

Cando na miña intervención, descoñecía o dato de que houbera tres reunións xa con alcaldes, ben se manifestamos a nosa intención de votar que si, con maior xustificación seguimos votando que si, se xa os alcaldes coñecen isto e o comparten, é o que temos que facer, poñelos ó servizo dos alcaldes, que son os que teñen a obriga democrática de rexer e

de gobernar os seus municipios. Sen embargo, eu facía unha cuestión dos hostaleiros, eu penso que os hostaleiros, debe de contarse con eles, ¡como non!, son unha parte importante do sector turístico, como son as axencias de víaxes ou os turoperadores, pero no convenio, na sinatura do convenio, non achegan nada. Unha cousa é que asinen, e outra cousa é que non se lles teña en conta, que non se lles escoite, que non se lles chame, que non lles pida a súa colaboración e que non fagan todo o que teñan que facer, nese sentido referíame á presenza dos hostaleiros, na sinatura do convenio.

E sigo insistindo, non houbo unha resposta clara, que sería conveniente, pero pola propia seriedade do convenio, é dicir, non nos comprometamos a facer cousas que non poidamos facer e no convenio figuran obrigas que contrae a propia deputación, que non vai poder facer, é un brinde ó sol, pois se é un brinde ó sol, se é posible, se vostede me di, mire, neste momento, procedementalmente xa non pode modificarse, pois imos seguir votando que si, porque a idea é boa, pero se se pode modificar ¿por que non se vai facer se se mellora?

E o do xerente pensamos que se pode facer perfectamente, que non hai que crear, para facer unha cousa de 5 millóns de pesetas, non creamos unha estrutura burocrática que non vale para nada; se é necesaria externa, contrátase unha asistencia externa con profesionais, pero óbvíase a contratación de xerentes que nin van descargar de traballo ós servizos desta casa, nin van achegar, porque un xerente non pode, en último caso, suplantar a un panel de profesionais que teríamos cunha contratación dunha asistencia técnica externa para poder desenvolver este proxecto.

En calquera caso é bo isto, a Costa da Morte meréceo, se os alcaldes están de acordo, o mellor do mellor, e imos apoiar este convenio.

Sr. Varela Rey

Para manifestar que o que aparece reflectido no convenio, por parte da deputación penso que é perfectamente asumible facer un seguimento e comprometerse no seguimento, foi estudado por parte da xurista da casa, e polo tanto, así o entendemos. Respecto do tema de se é con xerente ou se é con asistencia técnica, seguramente ó mellor ten que ser coas dúas vertentes, é o final pode haber unha persoa que, á súa vez, se rodee dun equipo, e lóxicamente o que se pretende é a maior profesionalización da infraestrutura, crear ese equipo que mellore e que posibilite un investimento aproveitando os recursos económicos. Polo tanto, eu penso que nese sentido, máis que un desacordo co grupo socialista, eu penso que hai un acordo total nese aspecto. Moitas grazas.

Sr. presidente



Eu penso que neses temas que dicía o Sr. Fernández Moreda, que onde non temos competencia absoluta, que como é un convenio a tres partes, polo menos, a Administración central, a autonómica, e a provincial, intentar aprobalo, con esa vontade de intentar coas outras administracións de eliminar esas responsabilidades que non son competencia nosa. Pero, ó mellor, aprobalo aquí podemos crear unha demora ou un conflito administrativo, refírome, polo tanto, se pola parte deles non hai inconveniente, eliminamos eses temas.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1)Aprobar o texto do convenio administrativo que se vai subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña, o Ministerio de Economía e a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo para instrumentar as actuacións que se han desenvolver no Plan de dinamización e Excelencia turística da Costa da Morte.

2)Comprometeuse a deputación a incluír nos orzamentos crédito suficiente para financiar a achega provincial ás respectivas anualidades establecidas no clausulado do convenio de acordo co seguinte detalle.

Anualidade 2003	416.500 euros
Anualidade 2004	416.500 euros
Anualidade 2005	416.500 euros
Anualidade 2006	416.500 euros

3)Aprobar de conformidade co establecido no artigo 155.5 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, a modificación das porcentaxes dos gastos de carácter plurianual destinados ó financiamento das obras nas anualidades 2003, 2004, 2005 e 2006, que quedan establecidos tal e como se indican no apartado procedente.

A achega poderá efectuarse consonte coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/751A/62999, 0305/751A/13100, 0305/751A/16000, 0305/751A/2269, 0305/751A/22799.

4)Propor ás dúas Administracións que coxestionaran o convenio xunto á deputación, Xeral do Estado, e autonómica as seguintes modificacións respecto do texto do convenio aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión de tres de abril último:

Modificar a cláusula cuarta do convenio no senso de suprimir o inciso final da cláusula cuarta do convenio que esixe a constitución de garantía para a concesión da prórroga nos prazos de xustificación e execución dos proxectos do plan toda vez que o artigo 154.2 da Lei 39/9989, reguladora das facendas locais dispensa ás entidades locais de constituír fianzas depósitos e garantías.

5)Os acordos da Comisión de Seguimento disposta na cláusula oitava do convenio, referidos á aprobación dos proxectos que se han executar en cumprimento del serán sometidos á aprobación do Pleno da Deputación Provincial en cumprimento da previsión contida no artigo 107 da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia, segundo o cal:

...1.-Correspóndenlle en todo caso ó Pleno as seguintes atribucións:

...d)A aprobación dos proxectos de carácter provincial.

6.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

7.-O texto íntegro do convenio é o seguinte:

## **PLAN DE DINAMIZACIÓN DA COSTA DA MORTE**

### **CONVENIO TIPO PARA 2003**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE ECONOMÍA, A CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE, PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN DE DINAMIZACIÓN NA COSTA DA MORTE.

....., ..... de ..... de 2003

REUNIDOS

Dunha parte:

O Excmo. Sr. D. Rodrigo de Rato e Figaredo, Vicepresidente segundo do goberno, na súa calidade de ministro de Economía, nomeado por Reais decretos 560/2000 e 561/2000 do 27 de abril, e actuando conforme co establecido na disposición adicional decimoterceira da Lei de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada polo artigo segundo da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro de modificación daquela,

doutra:

o Excmo. Sr. D. Jesús Pérez Varela, Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Comunidade Autónoma de Galicia, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro da Xunta de Galicia e o seu presidente, no decreto 308/2001, do 15 de decembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia e autorizada a sinatura deste convenio por acordo do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, con data do 3 de abril de 2003,

doutra:

o Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, nomeado por Acordo do Pleno do 19 de agosto de 1999, e do Acordo do pleno de do de xaneiro de 2003, para subscribir o presente convenio, actuando en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña en virtude do disposto no artigo 21, apartado 1, letra b, da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local,

e doutra

o Sr. D. Eliseo Calviño Lema, Presidente da Asociación de Empresarios da Hostelería da Coruña por acordo de nomeamento con data do 14 de abril de 1998, en virtude do artigo 40 do Estatuto da asociación que lle outorga potestade para a sinatura deste convenio e o Sr. D. Carlos Taibo Pombo, Presidente da Asociación Profesional do Sector Turístico da Costa da Morte por acordo de nomeamento con data do 20 de xaneiro de 2002, en virtude do artigo 25 do estatuto de asociación que lle outorga potestade para a sinatura deste convenio.

Todos recoñecen na representación que desempeñan capacidade para formalizar o presente convenio e para tal efecto

**EXPONEN**

Que a Administración Xeral do Estado en virtude das competencias reservadas ó Estado polo artigo 149.1.13 da Constitución en materia de planificación e coordinación económica xeral, así como do principio de cooperación, elaborou o Plan integral de calidade turística española (PICTE) 2000-2006 que foi aprobado pola Conferencia Sectorial de Turismo o 5 de outubro de 1999 e polo Consello de Ministros do 3 de decembro do mesmo ano, e que persegue a mellora da calidade do sector turístico español, así como a cooperación entre todos os axentes públicos e privados para lograr ese obxectivo.

Que a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude das competencias atribuídas polo apartado 21 do artigo 27 do Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado pola Lei orgánica do 1/1981 do 6 de abril, desenvolveu así mesmo no exercicio das súas competencias diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da comunidade autónoma promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

Que o presidente da Deputación da Coruña, en virtude das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985 reuladora das bases de réxime local, do 2 de abril elaborou diversos proxectos para a mellora turística dos municipios que se detallan: Fisterra, Muxía, Cee, Dumbría, Corcubión, Camariñas, Vimianzo, Zas, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Laxe, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Muros e Carnota, tocante coas liñas estratéxicas e os programas da Secretaría de Estado de Comercio e Turismo e da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que os empresarios entenden que a mellora da calidade turística da Costa da Morte ha de formularse a través dun continuo esforzo empresarial de mellora e modernización das súas instalacións e da diversificación e aumento na presentación de servizos.

Que todas as partes consideran que a mellora da competitividade turística da Costa da Morte e a súa sostibilidade económica, social e ambiental precisa dunha mellora da calidade do medio urbano e natural, así como unha ampliación e mellora dos servizos públicos, unha adaptación ás tendencias da demanda e a posta en valor de novos recursos turísticos.

Que a confluencia dos planeamentos e programas de todas as partes aconsella a coordinación das súas actuacións e a realización conxunta de proxectos coa finalidade de acadar a excelencia turística dos seguintes concellos Fisterra, Muxía, Cee, Dumbría, Corcubión, Camariñas, Vimianzo, Zas, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Laxe, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Muros e Carnota, co máximo rendemento dos recursos empregados.

Por isto as entidades asinantes, sen renunciar ás súas competencias, acordan subscribir o presente convenio coas seguintes

## **CLÁUSULAS:**

### **PRIMEIRA**

Declárase á zona integrada polos concellos de: Fisterra, Muxía, Cee, Dumbría, Corcubión, Camariñas, Vimianzo, Zas, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Laxe, Cabana de Bergantiños, Coristanco, A Laracha, Muros e Carnota, destino piloto para a aplicación dun Plan de dinamización/excelencia turística, o cal se concretará na realización de actuacións cos seguintes obxectivos:

- Aumento da calidade dos servizos turísticos do destino.
- Mellora do medio urbano e natural dos municipios de: Fisterra, Muxía, Cee, Dumbría, Corcubión, Camariñas, Vimianzo, Zas, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Laxe, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Muros e Carnota.
- Ampliación e mellora dos espazos de uso público.
- Aumento, diversificación e mellora da oferta complementaria.
- Posta en valor de recurso turísticos.
- Creación de novos produtos.
- Sensibilización e implicación da poboación e axentes locais nunha cultura da calidade.

### **SEGUNDA**

Para unha mellor consecución dos obxectivos do Plan de dinamización turística nos municipios afectados e dentro do exercicio das súas respectivas competencias e fins, as partes asinantes comprométese respectivamente a:

O Ministerio de Economía.

-Considerar prioritarios, dentro dos seus programas de actuacións e apoio ó sector, os proxectos turísticos do municipio que converxan cos obxectivos do Plan de dinamización turística.

-Interesar a outros departamentos da Administración Xeral do Estado, a través da Comisión Interministerial de Turismo da adopción de iniciativas e solución de problemas de carácter turístico dos concellos relacionados.

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Considerar prioritarios, dentro dos seus programas de actuacións e de apoio ó sector, os proxectos turísticos dos municipios indicados que converxan cos obxectivos do Plan de dinamización/excelencia turística.

A Deputación Provincial da Coruña

-Procurar o coñecemento e difusión da filosofía, os obxectivos e as realización do Plan de dinamización/excelencia turística entre a poboación e os axentes turísticos do concello.

-Velar polo desenvolvemento da actividade turística dos concellos de: Fisterra, Muxía, Cee, Dumbría, Corcubión, Camariñas, Vimianzo, Zas, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Laxe, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Muros e Carnota no exercicio das súas competencias.

-Fomentar a sostibilidade económica, social e ambiental do concello especialmente a calidade do ambiente urbano e natural e a dos servizos públicos.

-Evitar o crecemento incontrolado dos núcleos turísticos e da oferta de aboamento.

-Velar polo estrito cumprimento da normativa urbanística e de ordenación territorial.

A Asociación de Empresarios de Hostalería da Coruña e a Asociación Profesional do Sector Turístico da Costa da Morte.

-Estimular entre os seus asociados a adopción de iniciativas e proxectos que atendan á modernización e mellora dos establecementos, á elevación da calidade dos servizos á ampliación da oferta complementaria e, en xeral, á mellora da competitividade.

-Difundir a filosofía, os obxectivos e as realizacións do Plan de dinamización turística entre os asociados.

-Participar activamente no diagnóstico e proposta de actuacións para o cumprimento dos fins do convenio.

-Promover actuacións con vistas a garantir a continuidade dos impulsos xerados polo plan.

### **TERCEIRA**

As actuacións dispostas no presente Plan de dinamización turística valóranse en 4.998.000 euros, que se financiarán conxuntamente polas tres Administracións públicas.

O convenio desenvolverase a través da execución de proxectos, determinados anualmente, que atendan ós obxectivos, especificados na cláusula primeira.

A achega de cada unha das tres Administracións será 1.666.000,00 euros.

#### **CUARTA**

As achegas do Ministerio de Economía efectuaranse conforme ó seguinte cadro de distribución de anualidades:

<b>Anualidade</b>	<b>Exercicio Orzamentario</b>	<b>2.003</b>	<b>2.004</b>	<b>2.005</b>	<b>2.006</b>	<b>Total anualidade</b>
1ª	ACHEGA	<i>399.306</i>				<i>399.306</i>
2ª	ACHEGA		<i>243.210</i>			<i>243.210</i>
3ª	ACHEGA			<i>606.984</i>		<i>606.984</i>
4ª	ACHEGA				416.500	<i>416.500</i>
<b>TOTAL .....</b>						<b><i>1.666.000</i></b>

A achega do Ministerio de Economía, en 2003, imputarase á aplicación orzamentaria 24.17.751A.765 da Secretaría Xeral de Turismo, e as de anos sucesivos ás aplicacións orzamentarias correspondentes e aboaranse trala aprobación pola Comisión de Seguimento dos proxectos que se van executar anualmente.

Co fin de non alterar as anualidades comprometidas, se por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas as actuacións non puideran ser executadas nos prazos establecidos e por tal motivo solicitarase prórroga no prazo de execución e xustificación, a súa concesión, por parte do Ministerio de Economía, Secretaría Xeral de Turismo e polo tanto o aboamento anticipado da seguinte anualidade, estará condicionada á prestación de garantía, que haberá de constituírse en metálico ou en aval bancario, e que cubra o importe non xustificable e xuros de mora, ata que a Administración autorice a súa cancelación unha vez executadas e xustificadas, conforme ás actuacións da anualidade correspondente. Para estes efectos, considerarase que as achegas de todas a partes correspondentes á anualidade de que se trate deixaron de xustificarse proporcionalmente.

A referida garantía constituirase na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais, a disposición da Secretaría Xeral de Turismo con suxeición ó disposto no título II, capítulo I ou III do Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, aprobado por Real decreto 161/1987 do 7 de febreiro.

Non obstante o anterior, o Ministerio de Economía axustará o pagamento anticipado dunha anualidade á mesma porcentaxe en que o ano anterior resultara cumprida a achega convida polas outras partes deste convenio.

A xustificación documental da aplicación da totalidade dos fondos correspondentes a cada anualidade realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos ó Ministerio de Economía:

-Memoria xeral na que se recolle o grao de cumprimento acadado tocante cos obxectivos propostos.

-Informe conciso por cada actuación.

-Informe sobre as repercusións do plan na prensa

-Certificado de terse rexistrado na contabilidade o ingreso correspondente que se xustifica.

-Informe do interventor da Deputación provincial, das obrigas recoñecidas imputadas a cada proxecto.

-Certificado do secretario da Deputación provincial, da realización das actuacións no que se consignarán os importes executados correspondentes a eles, co Vº e prace do presidente da Comisión de Seguimento.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo das funcións de control financeiro e de fiscalización que correspondan a outros órganos do Estado, polo que en calquera intre se poderán esixir as facturas orixinais ou copias autenticadas conforme á Lei que xustificuen o investimento realizado.

No caso de tratarse de rexións obxectivo 1, co fin de poder executar a dita achega perante os órganos competentes da Comisión Europea, deberán achegarse as copias compulsadas das facturas orixinais das actuacións do plan que se soliciten.

No caso de desenvólense con cargo ó plan actuacións enfocadas á mellora da calidade de empresas ou institucións turísticas, a Secretaría Xeral de Turismo porá a disposición do plan a metodoloxía xa desenvolvida por esta para tal fin.

## **QUINTA**

As achegas da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Comunidade Autónoma de Galicia, efectuaranse con cargo ó seguinte cadro de distribución de anualidades:

<b>Anualidade</b>	<b>Exercicio orzamentario</b>	<b>2.003</b>	<b>2.004</b>	<b>2.005</b>	<b>2.006</b>	<b>Total anualidade</b>
-------------------	-------------------------------	--------------	--------------	--------------	--------------	-------------------------



1ª	ACHEGA	417.500				417.500
2ª	ACHEGA		313.500			313.500
3ª	ACHEGA			467.500		467.500
4ª	ACHEGA				467.500	467.500
TOTAL .....						1.666.000

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Comunidade Autónoma de Galicia no 2003 efectuará a súa achega con cargo ós seus orzamentos, aplicación orzamentaria 10.05.751A.760.0, e as de anos sucesivos, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes e aboarase conforme co cadro de distribución de anualidades especificado na presente cláusula.

A achega da Comunidade Autónoma de Galicia efectuarase consonte co Decreto 287/2000, do 21 de novembro polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia.

A xustificación documental da aplicación dos fondos correspondentes a cada anualidade, á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo realizarase da forma seguinte:

-Memoria xeral na que se recolla o grao de cumprimento acadado en relación cos obxectivos propostos.

-Informe conciso por cada actuación.

-Un dossier de prensa.

-Certificado do secretario da deputación no que se transcriba o acordo adoptado polo órgano competente no que se aproban as facturas correspondentes á execución do obxecto deste convenio, co seu importe e imputadas a cada proxecto.

-Co último pagamento da achega deberase remitir declaración de conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas Administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entidades ou sociedades.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo do compromiso de facilitar toda a información que sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello Galego de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda obxecto do presente convenio.

## **SEXTA**

A Excm. Deputación Provincial da Coruña efectuará as súas achegas con cargo ás aplicacións orzamentarias 0305/751A/62999, 0305/751A/13100, 0305/751A/16000, 0305/751A/22699, 0305/751/22799 conforme ó seguinte cadro de distribución de anualidades:

<b>Anualidade</b>	<b>Exercicio orzamentario</b>	<b>2.003</b>	<b>2.004</b>	<b>2.005</b>	<b>2.006</b>	<b>Total anualidade</b>
1ª	ACHEGA	<i>416.500</i>				<i>416.500</i>
2ª	ACHEGA		<i>416.500</i>			<i>416.500</i>
3ª	ACHEGA			<i>416.500</i>		<i>416.500</i>
4ª	ACHEGA				<i>416.500</i>	<i>416.500</i>
<b>TOTAL .....</b>						<b><i>1.666.000</i></b>

As achegas de todas as partes ingresarán nunha conta que a Deputación Provincial da Coruña determine, conforme ó establecido na cláusula seguinte.

## **SÉTIMA**

A Deputación Provincial da Coruña como Administración executora das actuacións materiais derivadas do presente convenio, consonte con todas as partes ingresará as achegas das Administracións asinantes e calquera outras que deriven da execución do presente convenio, nunha conta de carácter restrinxido, que fará fronte ás obrigas derivadas das actuacións do plan debidamente autorizadas pola Comisión de Seguimento e que quedará afectada a elas.

## **OITAVA**

Créase unha Comisión de Seguimento do Plan de Dinamización Turística sen personalidade xurídica, formada polos representantes das partes asinantes, que terá as seguintes atribucións:

-Aprobar anualmente os proxectos en que se concreten as actuacións que se han levar a cabo, agás os da primeira anualidade, que será aprobada polas Administracións intervenientes.

-Proceder á revisión e adecuación das actuacións sempre que o aconsellen as circunstancias.

-Programar a execución dos proxectos, determinar os criterios para realizalos e verificar a súa execución, así como a súa adecuación ós fins perseguidos.

-Adoptar as medidas que estime máis adecuadas para a mellor organización e funcionamento do convenio.

-Resolver os problemas de interpretación e cumprimento do convenio.

-Actuar, sen prexuízo das competencias da correspondente Mesa de Contratación, como Comisión Asesora para elaborarlle informes-proposta ó órgano de contratación da Deputación Provincial da Coruña, nas adxudicacións dos contratos que afecten ó Plan de dinamización/excelencia, agás nos casos nos que a comisión renuncie expresamente a iso.

-Solicitarlle ás partes asinantes, cando algunha circunstancia sobrevida así o aconselle, a ampliación do prazo de execución e xustificación das actuacións, cunha antelación mínima de dous meses.

-Seleccionar e propoñer o nomeamento do xerente, conforme ós principios de igualdade, publicidade e concorrencia.

-Dirixir o labor da xerencia e autorizar e fiscalizar os seus gastos.

-Acordar, motivadamente a aplicación dos remanentes a que se refire a cláusula noventa.

A Comisión de Seguimento rexerese polas seguintes normas:

-Estará formada por: o secretario xeral de turismo ou o funcionario do seu centro directivo que el designe, así como un representante da Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia, por parte da Administración Xeral do Estado, o director xeral de Turismo e o funcionario do seu centro directivo que o designe por parte da Comunidade Autónoma de Galicia, o presidente da Excma. Deputación da Coruña e o deputado de Turismo, por parte da Excma. Deputación Provincial da Coruña, o presidente e a persoa que este designe, por parte da Asociación Profesional do Sector Turístico da Costa da Morte.

-Entenderase validamente constituída cando estean representadas todas as Administracións asinantes.

-Poderá invitar a asistir ás súas reunións ós expertos ou técnicos que considere necesario, que terán voz pero non voto.

-O presidente da Deputación Provincial da Coruña ou a persoa en quen delegue presidirá a Comisión de Seguimento.

-Como secretario actuará o xerente do plan. En caso de vacante actuará como secretario da Comisión o secretario da Deputación Provincial da Coruña.

-Reunirase a iniciativa do seu presidente cando algún dos seus membros o solicite e, en todo caso, trimestralmente.

-Os acordos serán adoptados por maioría das partes representadas, bardante a aprobación das actuacións, a súa modificación e a concesión de prórroga do prazo de execución e xustificación que esixirá a unanimidade das Administracións.

## **NOVENA**

A Comisión de Seguimento determinará anualmente, bardante a primeira anualidade, e consonte cos obxectivos da cláusula primeira, as actuacións que se han realizar.

De producírense remanentes de fondos pola non execución dalgunhas das actuacións establecidas ou por un menor custo do establecido nos realizados, a Comisión de Seguimento poderá acordar motivadamente:

A)destinalos a financiar a realización doutras actuacións con custo superior ó previsto, ou ben

B)apicalos a novas actuacións que coadruven á consecución dos obxectivos establecidos na cláusula primeira, sempre que non supoña a necesidade de novas achegas.

## **DÉCIMA**

Co fin de xestionar, aplicar e executar o Plan de dinamización turística crearase sen personalidade xurídica, unha Xerencia do plan como órgano de apoio á Comisión de Seguimento:

As funcións que desenvolverá a Xerencia serán:

- Impulsar as actuacións do plan.
- Difundir o plan.
- Colaborar na reflexión estratéxica sobre o Plan de dinamización turística da Costa da Morte como destino turístico.
- Efectuar propostas de actuacións.
- Procurar a coordinación do Plan de Dinamización turística con outras actuacións que poidan realizar na zona as Administracións representadas no convenio.
- Conseguir a documentación precisa para xustificar as actuacións do plan a que se refire a cláusula cuarta do presente convenio e en particular a referida ó Feder nos casos en que sexa preciso.
- Exercer a Secretaría da Comisión de Seguimento e do plan.
- Calquera outra que lle asigne a Comisión de Seguimento.

A contratación e o pagamento das remuneracións da Xerencia corresponderalle á Deputación Provincial da Coruña e realizaraa con cargo ós fondos asignados ó plan, aínda que a dita xerencia dependa para todos os efectos da comisión.

## **UNDÉCIMA**

Antes da sinatura do presente convenio e como condición previa para a súa posta en vigor, as institucións asinantes fixarán o programa de actuacións que deberá ser executado durante a primeira anualidade e proporán, se é o caso, ó presidente da deputación, a convocatoria do posto de xerente.

A Deputación Provincial da Coruña procederá á convocatoria do posto de xerente, pero non realizará a súa adxudicación ata que, constituída a Comisión de Seguimento, esta propoña á persoa que ha contratarse, conforme ó disposto na cláusula oitava. A Deputación Provincial da Coruña poderá imputar os gastos derivados do procedemento de selección do xerente ós correspondentes orzamentos do plan, unha vez asinado este.

## **DUODÉCIMA**

A execución e xustificación dos proxectos aprobados pola comisión corresponderalle á Deputación provincial.

O prazo para executar e xustificar as actuacións será dun ano, a partir da data do acordo da Comisión de Seguimento no que se determinen.

Na primeira anualidade o prazo dun ano contabilizarase desde a sinatura do convenio.

## **DÉCIMOTERCEIRA**

Co obxecto de facer o plan máis visible, tanto para a poboación local como para visitantes e turistas, e por tanto facilitar a política de comunicación del, necesariamente se realizarán as seguintes actuacións:

-Edición de un tríptico para difundir entre residentes e turistas da existencia do Plan de dinamización turística dos seus obxectivos xerais e actuacións concretas no destino. Realizaranse alomenos tres edicións, nas que se informará das actuacións realizadas en cada anualidade.

-Sesión informativa mediante un acto público dirixido ó empresario, medios de comunicación e poboación en xeral para informar dos obxectivos e actuacións do Plan de dinamización turística.

-Paneis nos accesos ó concello, co deseño que se acorde, e o texto “Destino piloto de dinamización turística”.

-Paneis informativos nas obras que se realicen con cargo ó orzamento do Plan de dinamización turística en todo ou en parte.

En todas as publicacións, material gráfico, trípticos e paneis a que se refire a presente cláusula, financiadas en todo ou en parte co orzamento do plan, incluírase a lenda “Plan de dinamización turística da Costa da Morte”, así como a imaxe institucional de todos os asinantes do convenio. No caso de tratarse de rexións obxectivo 1, farase constar ademais do sinalado no parágrafo anterior, o logotipo do Feder.

#### **DÉCIMO CUARTA**

O presente convenio terá unha duración de catro anos a partir da data da súa sinatura, agás no que se refire ó compromiso de achega financeira, que será de tres anos. Non obstante poderá producirse a súa resolución antes de cumprido este prazo por mútuo acordo das partes, incumprimento ou denuncia dalgunha delas. Neste derradeiro caso, a parte interesada deberá poñelo en coñecemento doutras alomenos con dous meses de antelación á finalización da anualidade en curso, de modo que a denuncia produza efectos a partir da anualidade seguinte.

#### **DÉCIMO QUINTA**

O réxime xurídico aplicable a este convenio no que respecta ás Administracións públicas que del son parte, é o establecido no título I da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro, sendo de aplicación así mesmo as restantse normas de dereito administrativo en materia de interpretación, modificación e resolución das cuestións non contempladas no convenio que se subscribe.

#### **DÉCIMO SEXTA**

As cuestións litixiosas que surxan na interpretación e cumprimento do presente convenio, sen prexuízo do establecido na cláusula oitava, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional contencioso administrativa.

E en proba de conformidade asínano, en (número de asinantes máis un) exemplares os intervinientes, no lugar e data indicados no encabezamento.

VICEPRESIDENTE SEGUNDO  
DO GOBERNO  
MINISTRO DE ECONOMÍA

CONSELLEIRO DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E  
TURISMO

Asdo.: Rodrigo Rato Figaredo

Asdo.: Jesús Pérez Varela

PRESIDENTE DA EXCMA.  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA

PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE  
EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA  
DA CORUÑA

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.: Eliseo Calviño Lema

PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL  
DO SECTOR TURÍSTICO DA  
COSTA DA MORTE

Asdo.: Carlos Taibo Pombo”

**13.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVEIRO EMPRES. E POSTA EN MARCHA PROG. FORMACIÓN.**

#### INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Veras

É un punto moi similar ó anterior no sentido en que hai un convenio de colaboración coa deputación e a Cámara de Comercio de Santiago, cunha das tres cámaras que existen no ámbito provincial, cando nós entendemos que, evidentemente, a cousa podíase facer doutro xeito. As Cámaras de Comercio si, efectivamente, teñen como unha das súas obrigas a promoción económica da provincia, e de ter unha axuda continuada ós empresarios da provincia e, polo tanto, entendemos que, efectivamente, é un organismo que pode ter competencias neste tema. Agora, seguimos insistindo en que o de optar polo convenio cunha das cámaras que existen na provincia, en todo caso, o que vén facer é conculcar o principio de concorrência e de publicidade que se podería facer utilizando outro mecanismo para que puidesen optar as tres cámaras. Polo tanto, nós, igual que no anterior, ímonos abster.

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio que se vai subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, para financiar a construción dun viveiro empresarial e posta en marcha de programas de formación.

2.-A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de :

-Construción do viveiro: 168.283 euros  
-Programas de formación/planificación de cantidades que se van achegar): 120.202 euros.

24.040,48 euros no ano 2003

24.040,48 euros no ano 2004

24.040,48 euros no ano 2005

48.080,96 euros no ano 2006

Actuacións convenio	Cantidades	Partidas que se han impartir
Construcción viveiro (2003)	68.283 euros	0305/721A/789.99
Anualidade 2004	100.000.- euros	
Programas de formación (anualidade 2003)	24.048 euros	0305/721A/489.99

3.-En cada un dos exercicios ós que se estende a súa vixencia (2004, 2005, debera habilitarse o crédito suficiente con que facer fronte ós impostos dispostos no convenio, que ascende a un total de 24.048 euros para cada unha das anualidades e 48.080,96 euros no ano 2006.

4.-Exceptuar, no que se refire a porcentaxes, o réxime de financiamento de gastos plurianuais establecidos no art. 155.3 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, en aplicación da posibilidade conferida ó Pleno polo apartado 5º do citado art. 155.

5.-Facultar ó Presidencia para a sinatura do presente convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.



Na cidade de Santiago, de de 2003

## REUNIDOS

Dunha parte, D. José Luis Torres, na súa condición de Presidente da Excma. Deputación da Coruña, en representación dela e en uso das competencias atribuídas por...

Doutra parte D. Jesús Asorey Carril, na súa condición de Presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, cargo para o que foi elixido mediante pleno con data do 4 de xuño de 2002, actuando en nome e representación da dita corporación en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 3/93 básica das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación.

As partes na calidade que cada un intervisse, recoñecéndose reciprocamente capacidade legal para subscribir o presente convenio e asumindo as obrigas e dereitos derivados do devandito.

## EXPOÑEN:

I.-Que é interese das institucións comparecentes establecerse un programa de creación para participar no importante reto ó que se enfrenta a sociedade española de modernización do país. Todo isto require a adecuación dos/as empresarios á realidade do contorno socioeconómico da Unión Europea, sendo un punto clave de éxito a formación, aprendizaxe e adaptación dos recursos humanos desta zona.

II.-Que a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, como corporación de dereito público configúrase como órgano consultivo e de colaboración coas Administracións públicas. Igualmente, a Cámara de Comercio de Santiago ten como finalidade a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do convenio, a industria e a navegación no ámbito da súa demarcación cameral, así como a prestación a todas as empresas da súa demarcación que exerzan as indicadas actividades.

III.-Que a Deputación Provincial da Coruña, está especialmente interesada en colaborar na execución dun programa de creación e consolidación de empresas que se pretende desenvolver en Santiago, para o que achega o financiamento establecido na estipulación novena.

En virtude do exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, conforme ás seguintes:

## ESTIPULACIÓNS:

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO**

O obxecto do presente convenio é establecer unha colaboración entre as partes asinantes para favorecer a creación de empresas e a mellora da xestión empresarial a través da formación e asesoramento, desenvolver iniciativas dirixidas ó autoemprego e a creación de empresas, así como descubrir e fomentar iniciativas empresariais que permitan mellorar e consolidar o tecido empresarial máis acordo coas novas estruturas tecnolóxicas e organizativas pondo en marcha para isto as actividades establecidas nas cláusulas seguintes.

### **SEGUNDA.- ÁMBITO ESPACIAL**

O ámbito de aplicación deste convenio será a demarcación da Cámara de Comercio de Santiago.

### **TERCEIRA.- ÁMBITO TEMPORAL**

O presente convenio e as actuacións que contempla terán unha duración que abranguerá o periodo 2003-2006.

### **CUARTA.- ACCIÓNS QUE SE HAN DESENVOLVER**

1. Construcción dun viveiro de empresas, mediante a realización dun proxecto, o cal deberá estar en poder da Excm. Deputación Provincial, con anterioridade á sinatura do convenio e co orzamento base de licitación seguinte:

1320,m2. x 390,66 euros .....	515.671, 2 euros
855 m2. semisótano x 240,40 euros .....	205.542 "
19 % gtos. xerais e b. industrial .....	858.245,29 "
16 % IVE.....	<u>137.319,25</u>
Total	995.564,54 "

2.Realización de 10 programas de creación de empresas de 400 horas cada un, dirixidos a un máximo de 200 emprendedores/as, que desexan crear a súa propia empresa así como a pequenas e medianas empresas que persigan mellorar a rendibilidade ou avaliar alternativas de expansión. O importe total da achega provincial a este concepto cuantifícase nun total de 120.202,22 euros, distribuídos nas seguintes anualidades:

24.040,48 euros no ano 2003
24.040,48 euros no ano 2004
24.040,48 euros no ano 2005

48.080,96 euros no ano 2006

#### **QUINTA.- CONTIDO DO PROGRAMA DO VIVEIRO DE EMPRESAS**

Co programa referido preténdese a instalación das novas empresas no viveiro, por un período de alomenos 2 anos. O proceso metodolóxico do programa conleva, trala escolla das persoas, que teñen intención de crear unha empresa, o desenvolvemento da idea ó proxecto e posterior seguimento para garantir a súa posta en marcha.

#### **SEXTA.- OBRIGAS DAS PARTES**

Para dar cumprimento ó preceptuado na estipulación primeira, a Cámara de Comercio de Santiago comprométese a asumir as seguintes obrigas:

-Executar a obra, encargándose da convocatoria e adxudicación dela conforme á normativa de obrigado cumprimento do programa aprobado polo Comité de Seguimento do Feder.

-Planificar e dirixir as obras de construción do viveiro.

-Achegar os servizos ofrecidos ós/ás emprendedores/as en materia de formación, emprego e creación de empresas.

-Achegar as instalacións necesarias para impartir as accións formativas enumeradas no convenio.

Pola súa parte a Deputación Provincial da Coruña:

-Financiar a execución do proxecto nos termos establecidos na estipulación novena.

#### **SÉTIMA.- DURACIÓN DE PROGRAMAS DE FORMACIÓN**

Os programas de formación que se van desenvolver perseguen os seguintes obxectivos:

a)Facilitar a adaptación dos profesionais que se enfrontan a novas esixencias laborais derivadas en especial das innovacións suxidas polas novas estratexias.

b)Que os/as emprendedores/as, cunha idea de negocios poidan realizalo, a través do estudo, formación e asesoramento.

c)Que os/as empresarios/as de Pymes poden formarse nos novos centros empresariais, asemade que realizan o plan de negocio da súa propia empresa.

#### **NOVENA.-CONTIDO DOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN**

As materias que se imparten dentro deste programa pretenden proporcionar unha visión global das distintas áreas funcionais das empresas para poder determinar oportunidades de mercado, a través do coñecemento das ferramentas de xestión.

No termo práctico perséguese o desenvolvemento dos proxectos de empresas presentados polos/as participantes e a definición dos problemas da súa posta en marcha.

Os contidos didácticos das áreas funcionais das empresas e os proxectos prácticos, procurarase que estean orientados a sectores da actividade empresarial do noso contorno.

O curso conxuga a impartición de coñecementos sobre o mundo da empresa e o emprego de sistemas de ensino de carácter práctico: difusión de proxectos, xogos de empresas, métodos do caso, etc... A unión de ámbolos sistemas e a análise e discusións durante o curso dos respectivos proxectos de empresa, facilitarán a formación interdisciplinaria dos participantes nos ámbitos cercanos á xestión das Pymes, salientando a intervención dun consultor, director de cada proxecto, así como a realización se é o caso dun Plan estratéxico, cando se trata de empresas cun negocio en marcha.

## **DÉCIMA.- FINANCIAMENTO**

### 1º.-Construcción do viveiro

A Deputación Provincial da Coruña comprométese a achegar unha axuda de 168.283 euros nas seguintes anualidades: 68.283.- euros na anualidade 2003 e 100.000 euros na anualidade 2004, o que supón un coeficiente de financiamento de acordo co proxecto de construción do viveiro -995.564,54 euros.- do 16,9% e con cargo á partida 0305/721.A/78999 do orzamento.

A Cámara pola súa parte, comprométese a buscar financiamento complementario ou a achegar a cantidade necesaria para acadar a execución total deste viveiro.

### 2º.-Programas de formación

Do total dos programas que se van executar entre 2003 e 2006, a Deputación Provincial da Coruña, achegará unha axuda de 120.202 euros de acordo coa seguinte planificación:

24.040,48 euros no ano 2003  
24.040,48 euros no ano 2004  
24.040,48 euros no ano 2005  
48.080,96 euros no ano 2006

O importe que se ha aboar cun total que ascende a 120.202 euros supón o 20% de coeficiente de financiamento por parte da Excm. Deputación, con cargo á Partida 0305/721A/489.99 do vixente orzamento.

Polo resto do custo deste programa (601.012,10 euros), a Cámara comprométese a buscar financiamento complementario ou a achegar a cantidade necesaria para facer posible o desenvolvemento deste.

En ningún dos dous casos, é dicir, na construción do viveiro e nos programas de formación, as achegas da Deputación Provincial da Coruña, poderán ser de procedencia de fondos da Unión Europea.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- FORMA DE PAGAMENTO**

A Cámara de Comercio deberá achegar a seguinte documentación xustificativa dos gastos e ingresos en que se incorrera para a realización obxecto do convenio.

-Declaración da totalidade das subvencións públicas ou privadas obtidas para a mesma finalidade que acrediten.

-Memoria das actividades desenvolvidas que acrediten o cumprimento dos fins e desenvolvemento das accións obxecto do convenio.

Construción de viveiro.

-Certificacións de obra, facturas e acordo de aprobación.

Cursos de formación

-Certificación acreditativa dos gastos realizados.

Os importes que se han aboar serán proporcionados ó coeficiente de financiamento previsto en cada un dos casos -construción de viveiro 16,9% e cursos de formación 20% no suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ó importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificados foran superiores ó orzamento establecido, a achega da deputación non superará a cantidade máxima aprobada. En todo caso a achega provincial limitarase ós gastos efectivamente xustificadas.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Constitúese unha Comisión de Seguimento da cal formarán parte dous membros, alomenos, da Deputación provincial.

-----  
-----

As atribucións da comisión son as seguintes:

- Garantir o cumprimento do convenio
- Interpretar o presente convenio durante a súa execución e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA**

O presente convenio terá vixencia ata o ano 2006 contando a partir da súa sinatura.

A idoneidade de establecer a citada duración do convenio, vén dada pola incardinación del coa decisión da Unión Europea de apobar, dentro do obxectivo 1, o programa operativo Iniciativa empresarial e formación continua, co número 2000 E5051 PQ015 entre os anos 2000 a 2006.

### **DÉCIMO CUARTA.- CAUSA DE EXTINCIÓN**

O presente convenio extinguirase por resolución, por conclusión ou por cumprimento del.

### **DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO**

En virtude do disposto no artigo 3.1 a) e d) do Real decreto legislativo 2/2000 do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas, o presente convenio de colaboración queda fóra do ámbito de aplicación da dita normativa, regulándose polas normas contidas nel e no non disposto nelas pola lexislación de réxime local vixente.

As cuestións litixiosas que puideran derivarse del dada súa natureza xurídico-administrativa, serán sometidos á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

E en proba de continuidade subscriben -----”

## **14.-INTEGRACIÓN DA DEPUTACIÓN NO CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA E ABOAMENTO DE ACHEGA.**

### INTERVENCIONES

Sra. Santiago López

Para adiantar o voto negativo do noso grupo por dúas cuestións, unha delas formal e outra delas unha cuestión de filosofía.

E a cuestión formal á que facemos referencia é que non nos parece de recibo a dilatación no tempo que tivo a tramitación deste expediente dentro desta deputación. Claramente se lle ve no informe que o propio servizo de Cultura presentaba dentro do expediente no se fai referencia a que o procedemento formal co que se levou adiante esta tramitación, non foi o axeitado, aínda que tamén deixa claro que é unha acción convalidable por esta cámara, co cal os posibles problemas de legalismos e formalidades con eses aspectos, quedarían absolutamente cubertos. O que si é certo é que, contrariamente ó que pasou noutras deputacións, que entran dentro deste consorcio, non se trouxo ante os membros desta cámara coa celeridade que, na teoría, debería de terse feito. Este expediente comeza en outubro de 2001 e non é ata este momento que os deputados e deputadas desta deputación teñen coñecemento deste tema.

Esta é a parte formal, e polo que atinxe á parte filosófica, vanme permitir que utilice a intervención do Partido Popular de hai un intre, -que non se sorprenda ninguén-, porque para o noso xuízo, un dos puntos máis desfavorables que ten a proposta que se trae hoxe aquí é precisamente unha das argumentacións que utilizaba o voceiro do Partido Popular con referencia á proposta que facía o Sr. Moreda no punto anterior, que era, por que estaban incluídos os hostaleiros dentro do convenio anterior, e a nosa pregunta é por que non están incluídas dentro deste consorcio, dentro do que vai ser o Consorcio Audiovisual de Galicia, precisamente as entidades, as empresas, todo tipo de medios que están traballando dentro do audiovisual de Galicia. Non aparecen formalmente dentro deste Consorcio, aínda que se sobreentende que todos os que están formando parte deste son os que van achegar economicamente, si que parece lóxico que para un desenvolvemento futuro con sentidión, imos utilizar termos moi coloquiais, parece lóxico contar coa xente que hoxe en día está traballando dentro destes campos, non ten ningún sentido que haxa unha suprainstitución que estea gobernando e intentando levar adiante as propostas, moi loables, que aparecen dentro dos estatutos, cando os que realmente logo desenvolverán estes proxectos non teñen ningunha participación dentro deste Consorcio.

Basicamente por estes dous motivos, aínda que seguramente poderíamos ter en conta algún outro punto máis dos que aparecen dentro dos estatutos, pero estes dous, esa

cuestión formal, a tardanza en tramitar ese expediente cando xa de facto esta deputación está participando dentro do Consorcio desde o ano pasado, e este outro aspecto que nos parece fundamental, por non falar, como o vimos facendo habitualmente, e como penso que xa esta deputación coñece, o noso posicionamento sobre a pluralidade da participación desta deputación dentro doutros organismos e dentro doutros órganos de participación.

Sr. Fernández Moreda

Nós imos votar que si á integración da deputación no Consorcio Audiovisual de Galicia, e imos votar que si por unha razón moi simple. Cando se crearon as deputacións había unha inxente tarefa que facer en España, había unha inxente tarefa que facer neste país, que era facer a revolución tecnolóxica desde as deputacións, crear as redes de auga, as redes de sumidoiros, as redes de saneamento, as redes de iluminación en todos os municipios, revolución tecnolóxica do século XIX, que en moitos municipios, e en moitas zonas de moitos municipios desta provincia, aínda non se completou. Pero hoxe a deputación non pode estar á marxe do que é a nova revolución tecnolóxica que o cabo, a fibra óptica, o mundo audiovisual; a deputación ten que estar presente aí, porque é a revolución tecnolóxica do futuro, é vital para o futuro do noso país estar participando plenamente niso e fomentando a participación dos cidadáns nestas novas redes tecnolóxicas. No proceso de lexitimación das deputación é fundamental que estas se inclúan nestas actividades novas para o futuro.

Ademais estamos falando dun Consorcio nun campo onde temos magníficos profesionais, que levaron premios a nivel nacional e internacional, temos un recoñecido prestixio e, como no caso anterior, que falabamos do convenio da Costa da Morte, temos unhas grandes potencialidades que hai que canalizar. Polo tanto, que a deputación estea presente en todo este tipo de actividades, pensamos que é algo bo e conveniente. Se cadra está coxo, nos estatutos debía participar máis xente ou debía abrirse a outros sectores, todo iso débese debater e débese presentar, pero penso que hai unha revolución tecnolóxica por facer, esta é unha parte, é unha pequena contribución de 5 millóns de pesetas, pero penso que a deputación debe estar presente tamén neste campo porque será bo para o futuro desta provincia, para o futuro de Galicia e, o que é máis importante, para o futuro dos cidadáns desta provincia e o futuro dos cidadáns de Galicia.

Sr. Varela Rey

Para manifestar a felicitación pola brillante intervención neste punto do voceiro do PSOE, que ademais estivo moi ben, tanto no aspecto formal como no aspecto de filosofía, estivo moi ben.



En todo caso, se algún grupo político quere buscar algunha xustificación para votar non, algunha coma sempre haberá, pero en todo caso, tamén repetir que o final o costume é a marca da casa. Moitas gracias.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: 3 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“A.-Ratificar a integración da Deputación da Coruña no Consorcio Audiovisual de Galicia como vocal do seu Consello de Dirección.

B.-Aprobar o pagamento da achega ó capital fundacional, por importe de 30.000 euros, con cargo á partida 0601/451D/76700, do vixente orzamento.”

Sen máis asuntos dos que tratar levántase a sesión, sendo as dezanove horas e dez minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.